

# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO:

Con este Proxecto educativo pretendemos sintetizar as directrices básicas que guíen a educación no IES Lagoa de Antela, consensualas entre o profesorado para emprender un proxecto común que dar a coñecer á Comunidade Educativa para que con liberdade e pleno coñecemento elixan os estudos no noso centro.

Aparecerán recollidos aquí a organización do centro, as normas de convivencia e funcionamento, a organización de espazos e tempos, a planificación lingüística e sobre todo os valores baixo os que levar a cabo a acción educativa e que representan os obxectivos últimos que perseguimos na formación dos adolescentes que conforman o noso alumnado. Todo isto non suporá un proxecto ríxido e pechado senón dinámico e condicionado por ese espírito definidor da meta á que se pretende chegar.

## O CENTRO E O SEU CONTEXTO

O IES Lagoa de Antela é un centro público situado na comarca da Limia, localizado na súa capital, Xinzo de Limia, pero fóra do casco urbano, a uns 2 km. do mesmo. Como centro de ensinanza secundaria obrigatoria, impártense os dous ciclos da ESO, máis os dous cursos de bacharelato –divididos nas conseguíntes modalidades de Ciencias Sociais e Humanidades e Ciencias e Tecnoloxía– mais os PCPI de Cociña e Mantemento de Vehículos. O total do noso alumnado anda actualmente polos 450, variando lixeiramente de curso a curso.

O nivel socio-cultural da comarca, inserta dentro do rural ourensán, pode ser definido como medio-baixo, xa que aínda hoxe unha gran maioría dos habitantes dos 9 concellos de onde recollemos os alumnado traballan e dependen dun sector primario (agricultura e gandería maiormente) cada vez máis complexo e deficitario. O nivel de estudos das familias, onde só predominan os estudos primarios ou medios, non é o soporte ideal para a motivación e a valoración ou creación de expectativas de éxito académico entre os alumnos/-as.

Ademais, a ampla dispersión da poboación rural, pese a concentrar gran parte dos seus habitantes na capital, dificulta ás familias e o alumnado unha mellor relación co centro educativo e a chegada das novas tecnoloxías e novos recursos aos seus fogares. En correlación con isto último, o transporte e o comedor escolar móstranse como servizos fundamentais para garantir a igualdade de condicións no acceso á educación obrigatoria (e postobrigatoria) dos rapaces e rapazas da nosa comarca, o que non evita numerosos inconvenientes e problemas derivados da súa xestión e funcionamento.

O **alumnado** é, na súa gran maioría, galegofalante, e procede do ámbito rural que circunda a vila de Xinzo de Limia, amosando uns hábitos tradicionais no achegamento aos recursos educativos por falta de acceso ás novas tecnoloxías. A falta de grupo de xente nova, non tanto na capital da comarca, como nas múltiples aldeas do amplo campo xeográfico que nos proporciona alumnado, impide a socialización entre iguais que puidera espertar inquietudes similares ou oferta sociocultural dos concellos para a mocidade.

Con respecto ao alumnado procedente da capital da comarca, a vila de Xinzo perto de onde se sitúa o centro, apréciase unha maior axuda ou preocupación familiar por pór medidas aos déficits académicos e tamén unha maior achega ás tecnoloxías da información e da comunicación.

Arredor dun 10% do noso alumnado está formado por inmigrantes, onde a carón do importante colectivo marroquí vai aumentando o latinoamericano. Se vén algúns deles xa veñen escolarizados no sistema galego desde infantil, o certo é que se perciben moitas deficiencias lingüísticas e culturais que obstaculizan o progreso educativo e fai que este tipo de alumnado sexa máis propenso ao fracaso escolar.

O claustro de profesores conta con arredor de 55 membros que varían lixeiramente de ano para ano en función das necesidades do centro por número de grupos ou pola asignación da Administración que nos últimos anos tende ao recorte de persoal forzando grupos máis numerosos e menor número de desdobres.

Arredor do 80% do profesorado ten o destino definitivo no centro e destes, a maioría ten o seu domicilio en Ourense (63%), desde onde se desprazan diariamente nun traxecto de media hora de duración para cumprir co seu horario de traballo, o 24% na propia vila de Xinzo e o resto 13% en vilas próximas á Limia, principalmente Allariz e Celanova. Factor tamén a ter en conta é que a idade media do profesorado non é moi elevada (44 anos) polo que o noso colectivo docente está ben preparado e actualizado nas novas tecnoloxías.

## INSTALACIÓNS DO CENTRO:

O noso IES conta con dous edificios separados entre eles polo patio e as canchas de fútbol e baloncesto. No edificio principal (edificio *Lagoa*) temos a conserxería, as dependencias administrativas (secretaría, despachos do equipo directivo e orientación), a biblioteca, dúas salas de informática, o salón de actos, a cafetería, unha sala de profesores, as salas dos departamentos didácticos, laboratorios de física e de bioloxía, unha sala multimedia para uso de idiomas e as salas de aula de segundo ciclo da ESO e Bacharelato.

No edificio anexo (edificio *Antela*) está instalado o comedor, e conta ademais cunha sala de profesores, algunha aula especializada (CCNN, tecnoloxía, plástica, informática) e as salas de aula do primeiro ciclo da ESO. Tamén neste edificio se desenvolve o día a día académico dos PCPI de Mantemento de vehículos e de Cociña que ademais teñen as clases dos módulos profesionais na cociña tamén situada neste edificio.

Este segundo edificio inaugurouse en setembro de 1999 cando se implantou a ESO e aumentou considerablemente o número de grupos do IES. O feito de que se construíra como edificio separado e unicamente comunicado por un corredor de arredor de 75 que atravesa o patio, crea máis problemas que vantaxes: duplica gastos de calefacción, electricidade e espazos e, por outra banda, supón importantes inconveniencias nos cambios de clase cando un profesor/a se ten que desprazar do edificio *Lagoa*, ou o contrario.

No patio contamos cunha pista polideportiva cuberta, outra descuberta e un ximnasio.

## NOTAS DE IDENTIDADE:

- IES "LAGOA DE ANTELA", como centro de titularidade pública, maniféstase **aconfesional**, sendo respetuoso con tódalas crenzas e ideoloxías pero desvinculándose de calquera delas. Atense ás disposicións legais vixentes no referente ó ensino da relixión católica ou outras relixións sempre que a Administración proporcione profesorado pero garante a correspondente atención educativa para os alumnos/as que lles permite a LOE, ofertándolles a correspondente atención educativa para aqueles alumnos e alumnas que así o demanden.
- Por outra banda, como centro que se instala nun sistema **pluralista e democrático**, maniféstase ideolóxicamente neutral, rexeitando calquera tipo de adoutramento sectario e tomando a liberdade ideolóxica como refente de tódolos compoñentes da comunidade educativa.
- O principio da **coeducación** rexerá a nosa acción educativa, potenciando a igualdade entre sexos, ao mesmo tempo que non se deixan de apreciar as diferenzas e identidades de cada un. Queremos ir máis alá da pura formulación do ensino mixto, orientándonos polos aos principios da coeducación.
- Outros valores como a **liberdade**, a **xustiza**, o **diálogo**, a **tolerancia**, a **solidariedade**, a **igualdade de oportunidades**, a **participación**, a **responsabilidade**... serán explicitados no curriculum e impregnarán todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, en función das nosas opcións educativas referenciadas no PCC.

- Lingua: Partimos da premisa de que o uso das linguas cooficiais é un dereito recoñecido a todos os membros da comunidade escolar e de que o galego e o castelán deben convivir con igual respecto para os seus usuarios sen que haxa discriminación por razóns lingüísticas. Con todo, manifestamos o compromiso coa lingua propia de Galicia e consideramos como obxectivo básico a **normalización lingüística do galego** que será a lingua vehicular, polo que toda a documentación do centro e as actos institucionais desenvolveranse, na medida do posible, en lingua galega.

## ÁMBITO INSTITUCIONAL (ORGANIZACIÓN DO CENTRO)

### ORGANIZACIÓN XERAL

Os órganos de goberno do centro serán:

1. Órganos unipersoais. Constitúen o equipo directivo do centro. Ao ser un centro con dúas etapas educativas completas contará con director/a, xefe/a de estudos, secretario/a e vicedirector/a.
2. Órganos colexiados: Claustro de profesores e Consello Escolar.
3. Órganos de coordinación docente: departamento de actividades complementarias e extraescolares, departamento de orientación, departamentos didácticos, titorías, comisión de coordinación pedagóxica, xunta de delegados, asociacións de nais e pais e asociacións de alumnos.

**OS ÓRGANOS UNIPERSOAIS** de goberno dun IES constitúen o equipo directivo e traballarán de xeito coordinado no desempeño das súas funcións. Forman parte dos órganos unipersoais: o director, o xefe de estudos, o secretario e o vicedirector. Dada a separación física entre os dous edificios do centro faise necesario asignar funcións de auxiliar de xefatura de estudos no edificio *Antela* a un profesor ou profesora que se encargue da convivencia e organización deste espazo. Deste xeito terá redución horaria para dedicarse á atención educativa do edificio e mediador coa Xefatura de estudos.

O equipo directivo terá as seguintes funcións principais:

- Velar polo correcto funcionamento do centro.
- Propoñer á comunidade escolar actuacións de carácter preventivo que favorezcan as relacións entre os distintos colectivos que a compoñen e melloren a convivencia no centro.
- Adoptar as medidas necesarias para a execución coordinada das decisións do Consello Escolar e do Claustro dentro do ámbito das súas respectivas competencias.
- Establecer os criterios para a elaboración do presuposto.
- Elaborar a proposta do proxecto educativo do centro, a programación xeral anual e a memoria de fin de curso.
- Tentar conseguir a proxección interna e externa do centro:

#### a.- Proxección interna

1. Fomentar a participación de profesores/as; pais/nais e persoal non docente así como dos alumnos/as nas actividades de control e xestión do centro educativo.
2. Fomentar a participación activa do profesorado como sector profesional en:
  - a.- actividades de formación permanente e perfeccionamento.
  - b.- actividades de elaboración de proxectos e materiais de deseño curricular.

c.- órganos de goberno como representantes dun sector primordial para o proceso de ensino-aprendizaxe.

**b)- Proxección externa:**

Establecer e fomentar as relacións sistemáticas e periódicas de colaboración co outro instituto de de Xinzo así como co concello desta comarca (fundamentalmente co Centro de Orientación Familiar) e outras institucións do ámbito provincial e autonómico, e tamén europeo.

Os nosos **ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO** son:

**CLAUSTRO DE PROFESORES:**

O claustro do noso centro está composto por un número de profesores que ronda os 55 e que varía de ano para ano como se especificou máis arriba. Está presidido polo director e é o órgano encargado de planificar, coordinar, decidir e informar sobre todos os aspectos educativos.

Na actualidade está composto por profesores do corpo de Secundaria e algúns mestres adscritos no seu momento ao primeiro ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria.

**CONSELLO ESCOLAR:**

É o órgano encargado de marcar as directrices fundamentais de actuación do Instituto. No Consello Escolar participan os representantes de tódolos colectivos que forman a comunidade educativa: profesorado, alumnado, pais e nais e persoal non docente. Ten como competencias máis destacadas as de participar na elección da persoa directora, resolver os conflitos plantexado, avaliar a eficacia na xestión dos recursos así como aprobar calquera modificación na organización ou normativa do centro.

O Consello Escolar do noso centro está formado polos seguintes membros:

- O director/a, que é o seu presidente
- O xefe/a de estudos
- O secretario/a
- 7 representantes do profesorado
- 4 representantes do alumnado
- 1 representante do persoal non docente
- 3 representantes dos pais e nais
- 1 representante municipal.

O consello escolar reúnese cada vez que o director o convoca, xa sexa de xeito ordinario ou extraordinario, para decidir ou apoiar as diferentes cuestións tanto de carácter organizativo como disciplinario que se plantexan. E de salientar o bo entendemento entre os diferentes sectores alí representados.

A normativa vixente só recolle a obrigatoriedade da asistencia dos profesores pois forma parte do seu horario a asistencia ós órganos colexiados do centro, pero non prevé nada para o caso do absentismo dos representantes dos outros sectores.

Os **ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE** son:

1. Os **DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS** que están formados polos membros do claustro. Ó fronte de cada departamento hai un profesor responsable (xefe de departamento). As súas funcións principais son dirixir e coordinar as actividades académicas do departamento, convocar e presidir as reunións do departamento, realizar a convocatoria de exames e

probas extraordinarias, coordinar a organización de espazos e instalacións e adquirir material e equipamento para o departamento, participar na elaboración do PEC, redactar a programación didáctica de áreas, materias e a memoria final .

O IES *Lagoa de Antela* dispón dos seguintes Departamentos:

- Bioloxía e Xeoloxía
- Debuxo
- Economía
- Educación Física
- Filosofía
- Física e Química
- Francés
- Grego
- Inglés
- Latín
- Lingua castelá e literatura
- Lingua galega e literatura
- Matemáticas
- Música
- Relixión católica
- Tecnoloxía
- Xeografía e Historia
- Orientación
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- Hostelería e Cociña.

2. A COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA: constitúena os Xefes de departamento, Xefe de estudio, Director, Xefe do departamento de orientación e o Xefe do Equipo de dinamización da lingua galega. As súas competencias principais son establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión dos PEC, supervisar a elaboración e revisión dos PCC e as súas modificacións e asegurar a súa coherencia co PEC, establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos e dos plans de orientación didáctica e de acción tutorial, propoñer ao claustro os PCE para a súa aprobación, propoñer ó claustro a planificación das sesións de avaliación e o calendario de exames e probas extraordinarias..

## OBXECTIVOS:

Baseamos o noso proxecto educativo nunha acción comprometida co coñecemento, interiorización e práctica dos valores básicos para a vida e a convivencia. Esta acción educativa, que levan a cabo interactivamente o profesorado e o alumnado perseguirá os seguintes obxectivos:

- Desenvolver un marco de tolerancia e respecto ás liberdades individuais e facilitar a apertura a xeitos de pensar plurais e puntos de vista diversos. Rexeitase así todo tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, clase social, crenzas ou outras características individuais, sociais e culturais.
- Capacitar o alumnado para realizar a crítica da tendencia uniformadora da sociedade, formando individuos con conductas responsables fronte ós demais e que se expresen desde e en liberdade. Así, favoreceranse actitudes críticas fronte ós saberes dados, que deben ser presentados como provisionais e revisables.
- Crear un clima de coñecemento, aceptación e respecto polas normas que democraticamente se establezan no RRI, sendo o fin último a convivencia pacífica de tódolos compoñentes da comunidade escolar.
- Estimular o alumnado para a planificación, organización e realización de actividades, fecéndoo así corresponsable do funcionamento e xestión do centro e fomentando a asunción de responsabilidades, a solidariedade e a cooperación.
- Encamiñar ao coñecemento e aprecio para co patrimonio cultural e natural do noso entorno e contribuír activamente á súa conservación e mellora.
- Fomentar nos alumnos e alumnas a capacidade de iniciativa, a confianza en si mesmos, a estimación das súas características e posibilidades. Propiciar o desenvolvemento de actividades de xeito autónomo, valorando o esforzo e a superación das dificultades.
- Rexeitar os diversos tipos de violencia, institucional ou non, e promover fórmulas de solucións negociadas e arbitraxes nos conflitos.
- Formar o alumnado no interese pola contorna e polo patrimonio cultural e paisaxístico que o rodea, pondo a acción educativa en relación coa comarca na que se sitúa o centro.

## ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS:

O centro permanecerá aberto de luns a venres no horario seguinte:

Luns: de 8.10 a 18.00. Martes, mércores, xoves, venres: de 8.10 a 14.30. Os conserxes atenderán neste tempo a quen veña facer algunha xestión ao centro. A secretaría terá horario de atención ao público de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres e de 16.00 a 17.30 os luns.

As **actividades lectivas** desenvolveranse cunha distribución horaria en bloque de 2 períodos de 50 minutos entre os cales haberá un tempo de lecer. A táboa seguinte explicita o horario académico semanal:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.30-9.20	1ª clase	1ª clase	1ª clase	1ª clase	1ª clase
9.20-10.10	2ª clase	2ª clase	2ª clase	2ª clase	2ª clase
10.10-10.30	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>
110.30-11.20	3º clase	3º clase	3º clase	3º clase	3º clase
11.20-12.10	4ª clase	4ª clase	4ª clase	4ª clase	4ª clase
12.10-12.30	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>
12.30-13.20	5ª clase	5ª clase	5ª clase	5ª clase	5ª clase
13.20-14.10	6ª clase	6ª clase	6ª clase	6ª clase	6ª clase
14.10-16.00	<b>XANTAR</b>				
16.00-16.50	7ª clase				
16.50-17.00	8ª clase				

As actividades lectivas desenvolveranse nas aulas-clase situadas nos correspondentes corredores de cada un dos dous edificios así como nas aulas especializadas ou laboratorios segundo os casos. O alumnado deberá permanecer na súa aula a onde se desprazará o profesorado para os cambios a non ser que teñan que acudir ás aulas especializadas; nese caso os alumnos/as alumnas, desprazaranse con premura ao espazo correspondente onde os estarán agardando os/as docentes.

Durante o período de lecer o alumnado non poderá permanecer nos corredores nin nas salas de aula, debendo baixar ao patio, a cafetería ou o hall de entrada.

A biblioteca tamén pode acoller algunhas clases para facer uso dos medios audiovisuais aí instalados. O alumnado poderá acudir a este espazo para ler, solicitar e devolver libros ou ler, durante os recreos e durante as horas en que haxa profesorado de garda para atendelo.

A cafetería dará servizo a alumnado e profesorado e persoal non docente e contará con prezos axustados a un centro de ensino. Tamén permanecerá aberta durante o período de xantar dos luns para atender a profesorado e alumnado despois de faceren uso do comedor escolar.

#### PAPEL DO PROFESORADO:

Percibimos como obsoleta e enganosa a tradicional contraposición entre instrucción e educación. Dunha banda, a mellor preparación técnica de pouco vale sen un básico desenvolvemento das capacidades morais. Doutra, é

difícil soste que a autonomía cívica e ética dun cidadán pode fraguarse na ignorancia de todo aquilo que lle é preciso para valerse por sí mesmo profesionalmente.

En función do dito, lonxe de contraponer instrución a educación, propoñemos amalgamar ámbolos dous termos na que consideramos a tarefa real do profesorado: a formación integral dos alumnos e alumnas. Incidiremos, polo tanto, no seu desenvolvemento cognitivo, pero tamén no desenvolvemento da súa personalidade.

Termos como “ensinar a aprender”, “facilitar a aprendizaxe”, “promover o espírito crítico”... cobran así especial sentido no rol do profesorado que procurará formar individuos cultos pero tamén individuos críticos, libres, responsables nos seus deberes como cidadáns e respectuosos cos valores democráticos.

Consideramos o profesorado como motor activo principal do labor educativo que realiza nun centro. Sendo un sector protagonista será obxecto tamén de tratamento específico fundamentalmente cara á propiciar a mellora do seu labor no contexto educativo do Centro. Propoñemos os seguintes obxectivos xerais:

1. Promover a participación do profesorado na Organización Xeral do Centro a través dos órganos establecidos. Aportar a información pertinente para coparticipar na toma de decisións.
2. Garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos: asociación, reunión, etc. Velar polo cumprimento dos seus deberes e o respecto aos dereitos recoñecidos doutros sectores da Institución Educativa.
3. Favorecer a implicación dos profesores/as en actividades de formación permanente e perfeccionamento no centro. Potenciar o contacto con Asociacións profesionais, Movementos de Renovación Pedagóxica, etc...
4. Impulsar a toma de contacto e intercambio profesional con outros centros da Comarca para unha mellor adecuación do labor docente á realidade socioeducativa. Propiciar a relación con profesorado de centros de fóra da Comarca como mecanismo enriquecedor desde o punto de vista profesional.
5. Fomentar a coordinación e traballo en equipo intercentro, entre profesores de distintos niveis de ensino e entre distintas áreas de coñecemento. En particular no tocante a contidos transversais e actividades docentes realizadas fóra da aula.
6. Potenciar a función docente do profesorado, facilitando o coñecemento da realidade educativa en que se desenvolve o seu labor, proporcionando os medios e recursos ao alcance da Institución para o desempeño da súa función.
7. Promover un ensino orientado e incardinado na especificidade cultural propia galega e da comarca. Como parte deste obxectivo merece especial atención a incentivación do profesorado para a utilización do galego como lingua vehicular.

## LIÑAS METODOLÓXICAS:

Desde o respecto que merece toda opción individual neste ámbito, e no marco da liberdade de cátedra, propoñemos unha metodoloxía activa e participativa, fomentando no alumno unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante o traballo individual e en grupo se convertirá na base da súa formación e o capacite para aprender a aprender.

- **ACTIVA**, que fomente no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora e que, mediante a comunicación e o traballo, facilite a súa formación e adquisición de aprendizaxes.
- **PARTICIPATIVA E NON AUTORITARIA**, que fomente a autonomía e a participación do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, que fomente o desenvolvemento das súas capacidades e o axude a participar na realidade social circundante.



- **FUNCIONAL**, As aprendizaxes deberán servirle ó alumno para ser aplicadas en situacións e lugares distintos ós escolares.
- **INTERDISCIPLINAR**, A realidade é sempre de carácter unitario polo que non permite a parcialización que admite o coñecemento; por iso tentaremos implicar varias áreas, materias ou disciplinas para chegar á análise dos distintos coñecementos dende unha perspectiva multidisciplinar.
- **TERRITORIALIZADA**, que procure integrar na aula a realidade física, social e cultural desde o seu ambiente territorial máis cercano para chegar a partir de aí a unha realidade global e universal.

Concíbese o proceso de aprendizaxe como un proceso continuo, ao longo da vida, e sempre inacabado, do que a estadía neste centro non é máis que unha parte relativamente curta. A familia e o entorno social tamén son ámbitos de aprendizaxe non menos importantes, polo que haberá que telos en conta e buscar a súa colaboración para unha mellor consecución dos obxectivos educativos.

Polo que atinxe ó noso centro e ó proceso de ensinanza-aprendizaxe que nel se desenvolve, o alumnado é o protagonista principal. Non é unicamente un receptor pasivo senón que resulta imprescindible a súa participación activa. Postulamos tamén partir duns obxectivos de aprendizaxe precisos, operativos e verificables, fronte ós obxectivos non concretados, ambiguos, amplos e non comprobables do ensino tradicional.

#### **F DO PROFESORADO:**

# PROXECTO CURRICULAR DE CENTRO

A) ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO, E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO, TENDO EN CONTA O ESTABLECIDO AO RESPECTO NO PROPIO PROXECTO EDUCATIVO.

O *IES Lagoa de Antela* no exercicio da súa autonomía pedagóxica perseguirá os obxectivos xerais da etapa da ESO e Bacharelato establecidos legalmente á súa realidade da contorna máis inmediata, buscando a máxima eficacia na consecución das metas.

## OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

## OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato forma parte da educación secundaria, na fase postobligatoria e ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación.

Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.

- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## B) DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

As liñas metodolóxicas xerais veñen xa explicitadas no apartado correspondente do Proxecto Educativo de Centro (véxase arriba apartado correspondente) e como xa antes avanzamos, unha proposta metodolóxica xeral non debe impedir o uso de metodoloxías diversas xustificadas pola adaptación ás características do grupo-clase e pola propia diversidade do profesorado que pode sentirse máis ou menos cómodo con unha ou outra liña metodolóxica. Aínda así, recoñecendo e valorando esta variedade metodolóxica sempre se deben seguir maneiras de facer e traballar que non entren en contradición co postulado anteriormente sobre a conveniencia dunha aprendizaxe activa, participativa e **funcional**.

Efectivamente, moi en consonancia con esta aprendizaxe non memorística, repetitiva e abstracta senón de aplicación práctica e funcional no mundo exterior está o traballo pola consecución das competencias básicas. Trátase de saberes aplicables á resolución de problemas en calquera contexto da vida cotiá e profesional, con sentido común, intuición, capacidade de innovación e flexibilidade mental. Estas destrezas débenas adquirir os alumnos e alumnas á fin da etapa da ESO.

Por todo isto, as liñas metodolóxicas centraranse no alumnado como peza clave na aprendizaxe, participando na adquisición de coñecementos, investigando, reflexionando e chegando a conclusións (coa dirección do profesor/a) de maneira que se acaden máis que “o saber” tradicional o “saber facer”, aplicable a todos os campos da vida. O alumnado conseguirá, ao termo da ESO, as capacidades que o habiliten para “saber solucionar problemas” cando estes se presenten, integrando os diferentes coñecementos e lograr así unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Estas liñas metodolóxicas irán encamiñadas a garantir a consecución das 8 competencias básicas:

1. **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:** destreza que permite a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita para expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e desfrutar escoltando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita.
2. **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA:** habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático. Coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) en situacións reais ou simuladas da vida cotiá e a posta en práctica de procesos de razoamento e pensamento (como a indución e a dedución, entre outros) así como a aplicación dalgúns algoritmos de cálculo ou elementos da lóxica para identificar a validez dos resultados derivados dos razoamentos válidos.
3. **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL:** habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes destrezas que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización

das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

4. **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA:** capacidade para comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas. Supón entender os trazos da evolución histórica e social do mundo así como a sociedade actual, cada vez máis plurais, as achegas que as diferentes culturas fixeron á evolución e progreso da humanidade, e dispoñer dun sentimento común de pertenza á sociedade en que se vive.

5. **COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI:** capacidade para coñecer, comprender, apreciar e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute e considéralas como parte do patrimonio dos pobos. Sensibilidade e sentido estético para poder comprender as diferentes manifestacións do feito cultural en xeral e o feito artístico en particular.

6. **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER:** supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades. Comporta ter conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de logro, entre outras, e obter un rendemento máximo e personalizado delas coa axuda de distintas estratexias e técnicas: de estudo, de observación e rexistro sistemático de feitos e de relacións, de traballo cooperativo e por proxectos, de resolución de problemas, de planificación e de organización de actividades, ou do coñecemento sobre os diferentes recursos e fontes para a recolla, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.

7. **COMPETENCIA DE SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR:** adquisición da conciencia e aplicación do desenvolvemento individual en relación coa sociedade e o medio e, polo tanto, a autonomía propia. Irá aparellada dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos, a constancia no traballo, a asunción de responsabilidades e a superación de dificultades son destrezas ás que se teñen que afrontar os alumnos nas diversas actividades.

## C) CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

O referente para avaliar as aprendizaxes dos alumnos serán os obxectivos de cada materia en relación coas competencias básicas na ESO e os obxectivos das materias no Bacharelato.

Realizaranse tres sesións de avaliación, ademais da avaliación inicial que se fará no mes de outubro; a última avaliación coincidirá coa avaliación final. Procurarase a coincidencia das avaliacións cos días precedentes aos tres períodos vacacionais (Nadal, Semana Santa e fin de curso), pero en función sempre da máxima equidade no número de días lectivos que conformen cada trimestre. Tendo en conta estas circunstancias, no claustro inicial de curso consensuaranse as datas concretas das avaliacións, máis especificamente da 2ª avaliación por ser a que está suxeita a maior variación dependendo das datas da vacacións de Semana Santa. A avaliación final de 2º de Bacharelato virá determinadas polo calendario establecido pola CIUG e data límite que este organismo fixe para a súa realización.

A sesión de avaliación será realizada polo equipo de profesores do grupo de alumnos, coordinados polo profesor tutor que levantará acta do desenvolvemento da sesión na que fará constar os acordos acadados e as decisións adoptadas.

Se no proceso da avaliación se observa que o progreso do alumno non responde ós obxectivos programados, o profesorado tomará as medidas que procedan de reforzo educativo e, se é o caso, de adaptación curricular.

Para superar as dificultades detectadas, estableceranse actividades de reforzo, sempre que existan medios persoais e materiais.

---

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

Revisados polo Claustro de profesores/as e polo Consello Escolar (26/04/19)

### CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA 1º, 2º E 3º DA ESO

- O alumnado poderá promocionar con 1 ou 2 materias avaliadas negativamente salvo que sexan Lingua Galega ou Castelá e Matemáticas.
- De xeito excepcional, poderán promocionar con 3 materias avaliadas negativamente (sempre que non sexan Lingua Galega ou Castelá e Matemáticas) ou con 2 si son Lingua Galega ou Castelá e Matemáticas, se, unha vez realizadas as probas extraordinarias, o alumno/a cumpre os seguintes requisitos:
  - Presentarse ás probas extraordinarias de todas as materias non superadas (incluídas as pendentas).
  - A cualificación destas materias non poderá ser inferior a 3 puntos.
  - Nota media do curso por riba do **4.5**.

### CRITERIOS DE TITULACIÓN EN 4º DA ESO:

O alumnado que ao acabar a ESO teña acadadas as competencias básicas e os obxectivos de etapa, superando todas as materias, obterá o título de graduado en educación secundaria.

Titularán tamén quen teñan 1 ou 2 materias suspensas, sempre que non sexan Lingua Galega ou Castelá e Matemáticas, se cumpren os seguintes requisitos:

- Proposta de titulación con 1 ou 2 materias suspensas que non sexan Lingua Galega ou Castelá e Matemáticas:
  - Presentarse ás probas extraordinarias de todas as materias non superadas (incluídas as pendentas).
  - A cualificación destas materias non poderá ser inferior a 3 puntos.
  - Nota media do curso por riba do **4.5**.

---

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO

### PROMOCIÓN

O alumnado que supere todas as materias ou teña unicamente avaliación negativa nunha ou dúas materias promocionará de 1º de Bacharelato a 2º de Bacharelato.

O alumnado que en primeiro de bacharelato obteña avaliación negativa en máis de dúas materias deberá cursar de novo o curso completo e será cualificado en todas as materias. Con todo, o alumnado con tres ou catro materias avaliadas negativamente no primeiro curso de bacharelato manterá a cualificación obtida anteriormente na mesma materia cando a nova cualificación sexa inferior. En calquera caso, este alumnado estará suxeito aos mesmos dereitos e obrigas que o alumnado que se matricula por primeira vez no bacharelato e a cualificación de materias xa superadas outorgarase na avaliación final ordinaria.

No caso de que algunha das materias xa superadas deixase de ser impartida no centro, o alumnado poderá manter a cualificación obtida sen necesidade de matricularse nunha nova materia.

## **TITULACIÓN**

O alumnado que ao finalizar segundo de bacharelato teña avaliación positiva en todas as materias (de segundo e de primeiro) acadará o título de bacharel.

O alumnado que ao finalizar segundo de bacharelato teña avaliación negativa nalgunha materia poderá ben matricularse novamente só das materias suspensas ou matricularse de todas as materias de segundo, logo de solicitude á dirección do centro, coa finalidade de mellorar as súas cualificacións. Neste caso, unha vez finalizada a avaliación final ordinaria, ao alumno/a consideraráselle a cualificación obtida na nova convocatoria sempre que fose superior á obtida na convocatoria anterior.

## **CRITERIOS PARA OUTORGAR A MATRÍCULA DE HONRA:**

Aqueles alumnos/as que ao finalizar a avaliación final ordinaria de 2º de bacharelato acadasen unha nota media de 9 ou máis punto, serán candidatos á mención de “*matrícula de honra*”. O centro non poderá conceder matrículas de honra nun número superior ao 5% de matriculados. Deberase ter especial coidado para non perxudicar a ningún alumno nin alumna, e en caso de que haxa máis alumnos/as candidatos á mención que posibilidades de concesión de *Matrícula de Honra*, estas serán concedidas sempre ao alumnado con nota media máis alta.

No caso de empate, farase a media das 3 avaliacións. E de persistir, terase en conta a media do Bacharelato.

---

## **RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.**

### **ESO:**

- A coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxes do alumnado que teña materias pendentes de cursos anteriores será responsabilidade do profesorado que lles imparta a mesma materia no nivel que está cursando; en caso de non cursar a mesma materia, será o Departamento o que elabore o programa de reforzo e avaliación correspondente.
- Cada departamento recollerá na súa Programación Didáctica o programa de reforzo por cursos e materias e establecerá a temporalización na avaliación. O seguimento da avaliación comunicaráse ao titor que o fará chegar á familia.
- Tamén, coa mesma finalidade de facilitar ao alumnado a superación das materias pendentes, quen non supere ese programa de reforzo da materia atrasada terá dereito a un exame final organizado polo departamento e unificado por materias e niveis, así como ao exame da convocatoria extraordinaria.
- A avaliación extraordinaria das materias pendentes coincidirán cos exames da convocatoria de setembro.
- Ao comezo de cada ano académico, a secretaría do centro proporcionará a cada departamento didáctico a relación do alumnado coas materias pendentes que lle correspondan.

### **BACHARELATO:**

É a Xefatura de Departamento a encargada da avaliación das materias pendentes e haberá dous parciais de exames (xaneiro e abril). De non superar a materia a través destes exames eliminatorios, o alumnado deberá presentarse a un exame final no mes de maio. A convocatoria extraordinaria coincidirá cos exames de setembro.

# CONSECUCIÓN DO TÍTULO DA ESO A TRAVÉS DA FP BÁSICA.

Tal como se propuxo na CCP ordinaria do 14 de decembro de 2017, no punto 2º de “2. Propostas para a fixación dos Criterios de Promoción e Titulación do Centro”, posteriormente aprobados polo claustro de Profesores do 25 de xaneiro de 2018 no punto 4º “4. Aprobación da proposta para a fixación dos Criterios de Promoción e Titulación do Centro na ESO.”, establécese que como criterio para concedelo título da ESO o alumnado que titule na FP Básica sexa que o alumnado **obteña un 7 ou máis de media nos módulos do 2º curso do ciclo de dita FP Básica**, a proposta do profesorado da súa xunta de avaliación.

## D) INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS, DA EDUCACIÓN EN VALORES.

Unha educación en valores, onde non só se instrúa senón que se formen cidadáns con fai necesario o tratamento transversal de determinados temas:

Os temas transversais, pola súa natureza, entran de cheo no campo da educación moral e fan referencia a valores.

O novo modelo curricular fai necesario programar estes aspectos, nunha terefa compartida por todo o profesorado, con cuotas de responsabilidade ó claustro no seu conxunto e a cada profesor en particular.

Somos conscentes da escasa tradición docente que existe neste ámbito educativo, pero dado o importante papel que xogan estas ensinanzas na educación integral dos alumnos e alumnas, non podemos deixar de dar unha resposta adecuada e coherente.

Así pois, plantexamos os seguintes obxectivos:

1. Educación para a convivencia: fomentar actitudes de respecto polos dereitos humanos, solidariedade cos colectivos discriminados e valoración do pluralismo e a diversidade.
2. Educación para a saúde: favorecer o respecto cara ao propio corpo, promovendo a saúde e hixiene física e mental, fomentando as relacións de convivencia, de comunicación e diálogo, fundamentalmente na solución pacífica de conflitos no ámbito escolar.
3. Educación para o consumo responsable: fomento do espírito crítico dos mecanismos de mercado, o consumismo e a publicidade enganosa. Coñecemento dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
4. Asumir unha serie de valores, tales como a xustiza, a cooperación, a solidariedade, e aprender a cuestionar aqueles que son contrarios a paz, como son a discriminación, a intolerancia, a indiferencia, a insolidariedade, etc..
5. Educación non sexista: formar na igualdade entre os sexos e no rexeitamento de toda forma de discriminación (activa ou pasiva por reprodución e aceptación de roles tradicionalment discriminatorios). Comportarse con espírito de participación, responsabilidade moral e tolerancia, respectando o principio de non discriminación das persoas.

Sensibilizar ós alumnos e alumnas ante o problema do Medio Ambiente. Que adquiran coñecementos sobre el e os problemas que se plantexan. Que sintan interese e preocupación polo medio e participen na protección, conservación e mellora do mesmo.



**OPCIÓN DE MATRÍCULA NA ESO****1º ESO**

<b>Materias comúns</b>	Ciencias da Natureza Ciencias Sociais, Xeografía e Historia Educación Física Lingua Castelá e Literatura I Lingua Galega e Literatura I Lingua estranxeira (Inglés) Matemáticas Plástica, Visual e Audiovisual Laboratorio de Ciencias I
<b>Materias Alternativas</b>	Segunda Lingua Estranxeira: (Elixir unha) <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués  (Elixir entre) <input type="checkbox"/> Relixión Católica <input type="checkbox"/> Valores Éticos

**2º ESO**

<b>Materias comúns</b>	Ciencias da Natureza Ciencias Sociais, Xeografía e Historia Educación Física Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Lingua estranxeira (Inglés) Matemáticas Música Laboratorio de Ciencias I Tecnoloxías Segunda Lingua Estranxeira: <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués
<b>Materias Alternativas</b>	(Elixir entre) <input type="checkbox"/> Relixión Católica <input type="checkbox"/> Valores éticos.

### 3º ESO

<b>Materias comúns</b>	CC da Natureza : Bioloxía e Xeoloxía /Física e Química Ciencias Sociais, Xeografía e Historia Educación Física Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Lingua Estranxeira (Inglés) Matemáticas Música Plástica, Visual e Audiovisual Tecnoloxías (Elixir entre) <input type="checkbox"/> Relixión Católica <input type="checkbox"/> Valores éticos.
<b>Materias Optativas*</b>  (Cursarase 1 materia) Numerar por orde de preferencia	___ Cultura Clásica.  ___ Segunda Lingua Estranxeira: <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués.

### 4º ESO

<b>Materias Troncais e Específicas</b>	Educación Física	Lingua Castelá e Literatura	Lingua Estranxeira (Inglés)	
		Lingua Galega e Literatura	Xeografía e Historia	
	Elixir entre →	<input type="checkbox"/> Valores Éticos	<input type="checkbox"/> Relixión Católica	<input type="checkbox"/> Relixión Evanxélica
<b>ENSINANZAS ACADÉMICAS</b>		<b>ENSINANZAS APLICADAS</b>		
<input type="checkbox"/> Matemáticas Académicas		<input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas		
<input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía <input type="checkbox"/> Física e Química	<b>◀ OU ▶</b>	<input type="checkbox"/> Latín <input type="checkbox"/> Economía	Elixe 2 <input type="checkbox"/> Ciencias Aplicadas <input type="checkbox"/> Iniciativa Emprendedora <input type="checkbox"/> Tecnoloxía	
Elixe 2 (por orde de preferencia)*		Elixe 2 (por orde de preferencia)*		
___ Cultura Científica ___ Ed. Plástica ___ Filosofía ___ Francés ___ Portugués ___ Música ___ TIC	___ Cultura Clásica ___ Ed.Plástica ___ Filosofía ___ Francés ___ Portugués ___ Música ___ TIC	Elixe 2 (por orde de preferencia)* ___ Ciencias aplicadas    ___ Iniciativa emprendedora ___ Tecnoloxía    ___ Cultura Científica ___ Cultura Clásica    ___ Ed. Plástica ___ Filosofía    ___ Música ___ Francés    ___ Portugués ___ TIC		

#### ORGANIZACIÓN DA HORA COMPLEMENTARIAS NA ESO:

As horas complementarias de 1º e 2º da ESO destinaranse a 2 materias de Laboratorio de Ciencias I e II, dependentes dos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química, respectivamente.

---

## LINGUAS ESTRANXEIRAS:

A primeira lingua estranxeira será o Inglés durante toda a etapa.

A 2ª lingua estranxeira pode ser tanto o Francés como o Portugués (de libre escolla para o alumnado) pero será sempre a mesma ao longo de toda a etapa.

---

## MATEMÁTICAS 4º ESO:

A CCP decidiu diversificar a oferta desta materia común de 4º da ESO en Matemáticas Aplicadas (de carácter terminal) e Matemáticas Académicas (de carácter propedéutico), distribuídas en itinerarios segundo se recolle na táboa correspondente de arriba.

---

## ELABORACIÓN DE GRUPOS

Serán criterios pedagóxicos e de atención á convivencia os que rexerán a formación de grupos. Ademais da agrupación de alumnos buscando optimizar recursos humanos e técnicos, ou agrupacións forzosas en función de optativas, tentarase crear, na medida do posible, grupos homoxéneos con reparto de alumnado repetidor, con dificultades de aprendizaxe, conflictivo ou con problemas de socialización. A guía serán os datos achegados polos titores/as de anos precedentes.

## OPCIONES DE MATRÍCULA DO BACHARELATO

1º BACHARELATO			
<b>MATERIAS</b>	Filosofía	Lingua Castelá e Literatura I	Educación Física
<b>TRONCAIS XERAIS</b>	Lingua Estranxeira (Inglés)	Lingua Galega e Literatura I	
1º DE BACHARELATO: CIENCIAS			
→ MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (ELIXE 2 MÁIS)			
<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas I	<input type="checkbox"/> Bioloxía	<input type="checkbox"/> Debuxo Téc. I	<input type="checkbox"/> Física e Química
MATERIAS ESPECÍFICAS E LIBRE CONFIGURACIÓN : Total 6 horas (NUMERA por orde de preferencia)			
<b>Elix 1</b> ___ Bioloxía e Xeoloxía (4 h) ___ Debuxo Técnico (4 h) ___ Física e Química (4 h) ___ <b>Troncal CCSS &amp; Hum.(4h):</b>		<b>Elix 1</b> ___ Anatomía aplicada (3 h) ___ Tec. Industrial I (3 h) ___ Análise musical I (3h) ___ Debuxo Artístico I (3 h) <b>Elix 1</b> ___ Téc. Expresión Oral (1 h) ___ Relix. Católica (1 h)* ___ Reforzo Matemáticas I (1 h) ___ Reforzo Inglés (1 h)	
<b>Elix 1</b> ___ 2ª Lingua Estranxeira (2h) ___ TIC I (2h) ___ Cultura Científica (2h) ___ Antropoloxía (2h)* <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués			
1º DE BACHARELATO: HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS			
<b>HUMANIDADES</b> <b>DES</b> <b>(ELIXE 3)</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Latín I		<b>CCSS</b> <b>(ELIXE 3)</b>
	<input type="checkbox"/> Grego I		
	<input type="checkbox"/> Hª Contemporánea	<input type="checkbox"/> Lit. Universal	
	<b>◀ ou ▶</b>		<input checked="" type="checkbox"/> Mat. CCSS I <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> Hª Contemporánea
MATERIAS ESPECÍFICAS E LIBRE CONFIGURACIÓN : Total 6 horas (NUMERA por orde de preferencia)			
<b>Elix 1</b> ___ Lit. Universal (4 h) ___ Grego I (4 h) ___ Mates. CCSS I (4 h) ___ Economía (4 h) ___ Hª Contemporánea (4 h) ___ Latín I (4 h) ___ <b>Troncal Ciencias ou Hum.e CCSS(4h):</b>		<b>Elix 1</b> ___ Anatomía aplicada (3h) ___ Tec. Industrial I (3h) ___ Análise musical I (3h) ___ Debuxo Artístico I (3h) <b>Elix 1</b> ___ Téc. Expresión Oral (1 h) ___ Relix. Católica (1 h)* ___ Reforzo Matemáticas I (1 h) ___ Reforzo Inglés (1 h)	
<b>Elix 1</b> ___ 2ª Lingua Estranxeira (2h) ___ TIC I (2h) ___ Cultura Científica (2h) ___ Antropoloxía (2h)* <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués			

## 2º BACHARELATO

<b>MATERIAS TRONCAIS XERAIS</b>	Hª de España	Lingua Castelá e Lit. I	Inglés	Lingua Galega e Lit. I
---------------------------------	--------------	-------------------------	--------	------------------------

### 2º DE BACHARELATO: CIENCIAS

→ MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (ELIXE 2 MÁIS)

<input type="checkbox"/> Matemáticas II	Elixé 2:
	<input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> Xeoloxía <input type="checkbox"/> Debuxo Téc. II <input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Química

#### MATERIAS ESPECÍFICAS E LIBRE CONFIGURACIÓN : Total 8 horas (ELIXE POR ORDE DE PREFERENCIA)

Elixé 1	<input type="checkbox"/> Bioloxía (4 h)	<input type="checkbox"/> Xeoloxía (4 h)	<input type="checkbox"/> Física (4 h)
	<input type="checkbox"/> Debuxo Técnico II (4 h)	<input type="checkbox"/> Química (4 h)	<input type="checkbox"/> <b>Troncal CCSS &amp; Hum.:</b> _____
Elixé 1	<input type="checkbox"/> Relixión Cat.(1h)*	<input type="checkbox"/> Relixións Mundo (1h)	
	<input type="checkbox"/> Reforzo Matemáticas II (1h)	<input type="checkbox"/> Ref. Inglés (1h)	
Elixé 1	<input type="checkbox"/> Análise musical II (3h)	<input type="checkbox"/> Deb. Artístico II (3 h)	<input type="checkbox"/> Ciencias da Terra e MA (3 h)
	<input type="checkbox"/> Francés (3 h)	<input type="checkbox"/> Psicoloxía (3 h)	<input type="checkbox"/> Portugués II (3 h)
	<input type="checkbox"/> Fundtos Admin. e Xest. (3h)	<input type="checkbox"/> TIC II (3 h)	<input type="checkbox"/> Tec. Industrial II (3 h)
	<input type="checkbox"/> Litert. Galega s. XX (3 h)*	<input type="checkbox"/> Mét. Estatísticos (3h)*	<input type="checkbox"/> Xeo. e Hª de Galicia (3 h)*

### 2º DE BACHARELATO: HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

<b>MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN + Hª FILOSOFÍA (OBRIGADA)</b>	<b>HUMANIDADES (Elixé 1)</b> <input type="checkbox"/> Latín II	<input type="button" value="◀ou▶"/>	<b>CC. SOCIAIS (Elixé 1)</b> <input type="checkbox"/> Mates. CCSS II
	Elixé 1 <input type="checkbox"/> Xeografía <input type="checkbox"/> Hª da Arte <input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Eco. Empresa		

#### MATERIAS ESPECÍFICAS E LIBRE CONFIGURACIÓN : Total 8 horas (ELIXE POR ORDE DE PREFERENCIA)

Elixé 1	<input type="checkbox"/> Grego II (4 h)	<input type="checkbox"/> Xeografía (4 h)	<input type="checkbox"/> Eco. Empresa (4 h)
	<input type="checkbox"/> Hª da Arte (4 h)	<input type="checkbox"/> <b>Troncal Ciencias ou Hum. e CCSS:</b> _____	
Elixé 1	<input type="checkbox"/> Relixión Cat.(1h)*	<input type="checkbox"/> Relixións Mundo (1h)	
	<input type="checkbox"/> Reforzo Matemáticas II (1h)	<input type="checkbox"/> Ref. Inglés (1h)	
Elixé 1	<input type="checkbox"/> Análise musical II (3h)	<input type="checkbox"/> Deb. Artístico II (3 h)	<input type="checkbox"/> Ciencias da Terra e MA (3 h)
	<input type="checkbox"/> Francés (3 h)	<input type="checkbox"/> Psicoloxía (3 h)	<input type="checkbox"/> Portugués II (3 h)
	<input type="checkbox"/> Fundtos Admin. e Xest. (3h)	<input type="checkbox"/> TIC II (3 h)	<input type="checkbox"/> Tec. Industrial II (3 h)
	<input type="checkbox"/> Litert. Galega s. XX (3 h)*	<input type="checkbox"/> Mét. Estatísticos (3h)*	<input type="checkbox"/> Xeo. e Hª de Galicia (3 h)*

## F) LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Pretendemos a integración no noso centro de todo o alumnado coa súa heteroxeneidade, tratando de paliar as desigualdades de orixe para garantir unha equidade nas oportunidades. Trataremos de discriminar positivamente aqueles alumnos e alumnas con **dificultades de aprendizaxe** e con **necesidades de apoio educativo**. Isto supón levar a cabo unha optimización de recursos humanos e materiais para que a súa aprendizaxe se adapte aos cánons de normalidade. Ao mesmo tempo, garantirase a atención individualizada e a integración, xa sexa esta física, psíquica, social... Como medidas máis aplicadas e inmediatas contemplamos a **ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA**, e os **APOIOS EDUCATIVOS** por parte de profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe segundo os casos particulares.

Por outra banda, aínda sen limitacións de carácter físico ou cognitivo, os intereses dos alumnos/as, as súas motivacións e actitudes diferenciaranse progresivamente ó longo da etapa da Educación Secundaria Obrigatoria. Neste sentido tamén o centro atende estas especificidades facilitando itinerarios educativos distintos en función das distintas necesidades ou intereses educativos do alumnado. Como primeira medida de **atención a diversidade** estará o **REFORZO EDUCATIVO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS** (Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas) e a **EXENCIÓN DA MATERIA DE SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA** ao longo dos dous primeiros cursos de secundaria.

Para alumnado que teña sido obxecto destas medidas sen éxito e non se encontre en condicións de continuar estudos, ofertamos os **PROGRAMAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA** (FPB) baixo a modalidade de *Cociña*. Esta é unha boa alternativa para que alumnado que xa se sente fóra do sistema educativo ao ter deficientes niveis de éxito no primeiro ciclo. A través dos módulos de primeiro e segundo ano de FPB poden obter o graduado de educación secundaria e o acceso aos ciclos de FP de grao medio.

Outra opción, dende o segundo curso da ESO como medida de atención á diversidade que máis funcionará no IES son os **PROGRAMAS DE MELLORA E REFORZO**. Estes programas están baseados no principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado e van dirixidos aos estudantes que teñen dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, que teñan xa sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas e se atopan nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario.

Contamos con dous grupos PMAR, un en 2º da ESO e outro en 3º da ESO. O alumnado que forma parte destes programas que duran dous cursos é rigorosamente seleccionado polas xuntas de avaliación e o departamento de orientación a final de curso. Supón unha opción de conseguir o título da ESO a través dunha adaptación curricular para alumnado que aínda tendo interese non dispón da capacidade necesaria para cursar con aproveitamento os cursos de 2º e 3º da ESO con currículo normal. O feito de seren grupos reducidos, cun máximo de 10 alumnos, permite unha atención moito máis individualizada por parte do profesorado.

Neste curso 2021-22 adherímonos tamén aos programas de mellora do éxito escolar a través do **PROGRAMA REFORZA-TE** que inclúen as modalidades ARCO e PROA+ con clases de acompañamento dentro e fóra do horario lectivo (dúas sesións semanais de dúas horas cada unha) para alumnado da ESO con risco de fracaso escolar e sen opcións familiares deste tipo de apoio académico.

## G) PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

O alumnado poderá repetir, como máximo, dúas veces ao longo de toda a etapa da educación secundaria obrigatoria. A repetición nun mesmo curso só poderá realizarse unha vez, e excepcionalmente, dúas no cuarto curso, se non se repetiu nos cursos anteriores da etapa e se con isto o equipo de avaliación prevé a consecución dos obxectivos e a titulación de graduado en educación secundaria.

O alumnado da ESO que teña que permanecer un ano máis no mesmo curso será obxecto de medidas de reforzo fóra da aula no primeiro ciclo da ESO, cando menos nas materias instrumentais. Así mesmo seguirá un programa de reforzo dentro da aula e por parte do profesor/a correspondente daquelas materias pendentes.

Valoraranse especialmente os casos do alumnado repetidor para a súa posible participación nalgunha das medidas de atención á diversidade arriba mencionadas e dependendo sempre da súa situación particular.

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Ver apartado correspondente.



# PROXECTO LECTOR

Ver apartado correspondiente.

# PLAN DE POTENCIACIÓN DAS TIC

Ver apartado correspondente.

# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1.- FUNCIONES XERAIS DO TITOR EN RELACIÓN COS ALUMNOS, COS PROFESORES OU OUTROS PROFESIONAIS ,COS PAIS E CO EQUIPO DIRECTIVO.

## 1.1 COS ALUMNOS:

Facilita-la integración dos alumnos no grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar fomentando o desenvolvemento de actitudes de cooperación e participación nas actividades do Centro respectando as diferencias.

1.1.2. Tentar pór en práctica un ensino personalizado que favoreza as aprendizaxes.

1.1.3. Efectúa-lo seguimento global dos procesos de aprendizaxes dos alumnos/as para detectar as dificultades e as necesidades especiais coa finalidade de dar resposta ás necesidades e buscar o asesoramento e apoio cando sexa necesario.

1.1.4. Coordina-lo proceso avaliador dos alumnos (organizar e presidi-las sesións) e asesorar sobre a súa promoción dun ciclo a outro e cumprimentar a documentación administrativo-pedagóxica dos alumnos/as.

1.1.5. Orientar e asesorar os alumnos/as sobre as súas posibilidades educativas e profesionais favorecendo a súa madurez vocacional.

1.1.6. Fomentar no grupo o desenvolvemento de actitudes participativas no entorno sociocultural e natural.

1.1.7. Favorecer no alumno o coñecemento e aceptación de si mesmo, así como a autoestima, cando se vexa diminuída por fracasos escolares doutro xénero.

1.1.8. Ser a canle que encamiñe as demandas e inquedanzas dos alumnos/as entre eles, os outros profesores e o equipo directivo.

1.1.9 Colaborar co departamento de orientación e cos equipos psicopedagóxicos da zona.

1.1.10 Axudar ós alumnos nos momentos de maior risco ou dificultade: ingreso, cambio de ciclo...

1.1.11 Sinalar o cómputo de faltas de asistencia e a súa xustificación ou non, de selo caso.

1.1.12 Enviar as cartas coas faltas sen xustificar ou xustificadas si son excesivas, nos 5 primeiros días do mes seguinte, as faltas do mes anterior, á casa do alumnado afectado na súa titotía, e informar á Xefatura de Estudos.

## 1.2 COS OUTROS PROFESORES OU OUTROS PROFESIONAIS

1.2.1. Coordinar cos demais profesores o axuste das programacións ao grupo de alumnos/as, especialmente no que atinxe ás respostas educativas ante as necesidades especiais ou de apoio.

1.2.2. Informará os demais profesores acerca das características dos alumnos/as. Recollerá as observacións que os demais profesores fagan dos alumnos.

1.2.3. Coordinar o proceso de avaliación do grupo do que é titor.

1.2.4. Contribuír a desenvolver liñas comúns de acción cos demais titores. Trataranse non só aspectos puramente académicos senón tamén disciplinarios tanto de carácter individual como do grupo.

1.2.5. Propoñer ao Equipo Psicopedagóxico a realización de estudos de alumnos con necesidades educativas especiais en coordinación co profesorado de apoio e co consentimento dos pais.

### 1.3 COS PAIS

1.3.1. Contribuír ao establecemento de relacións fluídas cos pais, que faciliten a conexión entre o Centro e as familias.

1.3.2 Implicar os pais en actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillo/as.

1.3.3. Informar os pais da asistencia e seguimento das actividades docentes dos seus fillos –rexistrando as faltas de asistencia e tramitando a documentación necesaria-, o seu rendemento académico e as súas dificultades, mantendo os contactos oportunos co profesorado do grupo e cos pais. En xeral tamén se informará ós pais da vida do centro docente e en especial do propio servizo da titoría.

1.3.4. Reunirse cos pais da súa titoría, polo menos unha vez no mes de outubro.

1.3.5. Recoller a información que os pais poidan proporcionar con vistas a un mellor coñecemento do alumno/a.

1.3.6. En determinados casos, tentar influír ante os pais en orde a propiciar o cambio en certos elementos da vida familiar que estean condicionando negativamente a conducta e o rendemento do alumno/a, ou dificultando unha correcta opción escolar ou profesional.

1.3.7 Recibir e canalizar suxestións ou reclamacións dos pais.

### 1.4. CO EQUIPO DIRECTIVO

1.4.1. Coordinación coa Xefatura de Estudos.

1.4.2. Facer suxestións aos órganos de dirección sobre necesidades do alumnado.

1.4.3. Transmitir aos órganos de dirección as suxestións que fagan os pais, os profesores e os mesmos alumnos nas reunións co titor.

1.4.4. Trata-los casos especiais co órgano de dirección que corresponda.

1.4.5. Canalizar a través da Secretaría a documentación correspondente aos alumnos/as.

# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO *IES LAGOA DE ANTELA*

### INTRODUCCIÓN:

O presente regulamento de réxime interno pretende ser o marco no que se establecen as normas básicas de convivencia no centro, regulando e concretando os dereitos e deberes da comunidade educativa, para así propiciar un clima de traballo e responsabilidade que permita un mellor aproveitamento do proceso educativo e, ó mesmo tempo, asegure o desenvolvemento pleno da personalidade dos alumnos e alumnas. Non hai que esquecer que a educación é unha fonte importante de valores que posibilitan a vida social a convivencia e o respecto mutuo e de exercicio dos principios democráticos.

Establécense, ademais, as correccións que corresponde aplicar cando se produzan conductas contrarias ás normas de convivencia. Deberase ter en conta que a imposición destas medidas correctoras pretende contribuír á mellora do proceso educativo, é dicir, deben considerarse como un elemento máis encamiñado á integración plena do alumnado na comunidade escolar, coa asunción consciente dos seus dereitos e as súas obrigas.

O Consello Escolar ou, no seu caso, o director ou a Comisión de Convivencia, como órganos competentes para a instrucción dun expediente ou para a imposición de correccións, deberán ter en conta as circunstancias persoais e sociais do alumno ou alumna en cuestión, tanto no momento de decidir o sobreesamento ou a aplicación dunha sanción, como a efectos de graduar a aplicación da mesma cando proceda.

Cando se aprecien circunstancias que poidan considerarse desfavorables para a educación do alumno, o Consello Escolar ou a Comisión de Convivencia han tentar, no marco das súas posibilidades, modificalas, instando ós pais, titores ou institucións públicas competentes para que colaboren na consecución deste obxectivo.

Este RRI fundaméntase nas normas básicas de ordenación e organización do sistema educativo e dos centros docentes que están desenvolvidas basicamente na LOE e Decreto de Dereitos e Deberes dos alumnos (Real Decreto 732/1995).

## 1- DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS E ALUMNAS

### **DEREITOS:**

Os dereitos do alumnado con carácter xeral son os que establece a lexislación vixente no Real Decreto 732/1995 de 5 de maio (BOE 2-6-95), e dos que aquí facemos un compendio:

1. Dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade no marco das relacións de respecto e convivencia.
2. Dereito a recibir orientación escolar e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.
3. Dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
4. Dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
5. Dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.

6. Dereito a reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación se adopten ó finalizar un ciclo ou curso, segundo o establecido na lexislación vixente (Orde do 24 de xullo de 1991 – DOG 28-8-91 e Orde do 28 de Agosto de 1995 –BOE 20-9-95).
7. Dereito a participar no funcionamento e na vida dos centros a través dos seus representantes no Consello Escolar e na Xunta de Delegados. Os Delegados informaran puntualmente ó seu grupo das decisións tomadas na Xunta e poderán informar das sesións do Consello Escolar.
8. Dereito a asociarse.
9. Dereito á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.
10. Dereito a manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, será canalizada a través dos representantes do alumnado na forma establecida na normativa vixente (Real Decreto 732/1995 de 5 de maio, BOE 2-6-1995).
11. Dereito de reunión . Si este dereito interrompise o horario ou supuxera unha alteración nas actividades docentes requirirá permiso da Dirección.
12. Dereito á utilización das instalacións do centro coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares.
13. Dereito á percepción das axudas precisas para compensar posibles carencias de tipo familiar, económico e sociocultural.
14. En caso de accidente ou enfermidade prolongada os alumnos teñen dereito a axuda precisa, xa sexa a través da orientación requirida, material didáctico e axudas precisas, para que o accidente ou enfermidade non supoñan detrimento no seu rendemento escolar.
15. Dereito á protección social no caso de infortunio familiar ou accidente, para que esto non determine a imposibilidade de continuación e finalización dos estudos.
16. Dereito a participar, en calidade de voluntarios, nas actividades do centro.
17. Dereito a ser informados dos resultados obtidos nos diversos instrumentos de avaliación aplicados ós alumnos para realizar as valoracións do proceso de aprendizaxe. Así mesmo ter acceso ás probas, exercicios ou traballos escritos, revisándoos co profesor da materia.
18. Dereito a que o centro docente garde reserva sobre toda a información de que dispoña acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno, excepto incumprimento das leis de Protección dos menores.

#### **DEBERES:**

1. O principal deber do alumnado é aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon a súa disposición.
2. Asistir á clase con puntualidade, provisto do material necesario, e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de estudio.
3. No caso de ausencia dun profesor ou profesora, o alumnado ten que permanecer na aula, agardar a que chegue o profesor ou profesora de garda e seguir as súas indicacións.
4. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
5. Manter as mesmas condutas e actitudes esixidas no instituto cando se realizan visitas, excursións ou calquera outra actividade organizada polo instituto fóra do centro.

6. Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe a amosarlle o debido respecto e consideración.
7. Respetar o exercicio do dereito ó estudo dos seus compañeiros e compañeiras.
8. Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
9. Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
10. Coidar e respetar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro, e respetar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa. Os alumnos, que individual ou colectivamente, causen danos de forma intencionada ou por negligencia nas instalacións do centro ou nos bens dos membros da comunidade educativa, quedan obrigados a reparar o dano causado e a facerse cargo do custe económico da súa reaparición ou reposición.
11. Os alumnos teñen o deber de participar na vida e funcionamento do centro, asistindo ás actividades escolares ou complementarias programadas.
12. Os alumnos non poderán saír do recinto do centro durante o horario lectivo, salvo autorización expresa da Dirección.
13. Xustificar ó titor as faltas de asistencia ás aulas, polo procedemento que se especifica neste R.R.I.; igualmente teñen a obriga de xustifica-la súa ausencia ante o profesor, se así este o demanda.
14. Non fumar no centro, agás os maiores de idade no patio cuberto habilitado ó efecto (non se pode fumar na cafetería). Está prohibido inxerir bebidas alcohólicas. É deber de todos colaborar na consecución duns hábitos hixiénicos e saudables.
15. Respetar o Proxecto Educativo e o carácter propio do Centro de acordo ca lexislación vixente, así como cumprilas normas de convivencia contidas no presente R.R.I.

---

## 2- DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO.

### **DEREITOS:**

1. Liberdade de cátedra.
2. Dereito a que se respecte a súa conciencia cívica, moral e relixiosa.
3. Dereito a que se respecte a súa dignidade persoal e profesional, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes.
4. Dereito a recibir un trato correcto e respectuoso por parte do alumnado.
5. Dereito a esixir un trato respectuoso e educado, tanto na aula coma en calquera lugar do centro ou fóra del.
6. Dereito a esixir dos alumnos atención e traballo na aula.
7. Dereito a esixir dos alumnos o material necesario para participar na marcha da área ou materia.
8. Dereito a participar na elaboración das programacións didácticas e das actividades docentes do Centro.
9. Dereito a recibir unha formación permanente.

10. Dereito a dispor dos medios adecuados para levar adiante o seu labor docente.
11. Dereito a dispor e a facer uso do material e instalacións dos que dispón o centro atendendo á dispoñibilidade racional dos mesmos.
12. Dereito a ser informados e consultados polo equipo directivo sobre calquera asunto que lles afecte directamente.
13. Dereito a elevar propostas ó equipo directivo para o desenvolvemento de actividades complementarias.
14. Dereito a participar nos órganos do centro e nas actividades escolares e extraescolares.
15. Dereito a elixir mediante sufraxio directo e secreto ós seus representantes no Consello Escolar.
16. Dereito a promover iniciativas no ámbito da experimentación e/ou investigación pedagóxica.
17. Dereito a reunirse nos locais do centro, mesmo fóra do horario de clases, tras a pertinente comunicación á dirección.

**DEBERES:**

1. Transmitir valores de respecto ós dereitos e liberdades fundamentais e principios democráticos.
2. Respetar a liberdade de conciencia do alumnado e as súas ideas relixiosas e morais.
3. Valorar o rendemento escolar do alumnado conforme a criterios de obxectividade.
4. Orientar o traballo nas respectivas áreas educativas, coordinando co resto do profesorado o seu labor formativo.
5. Cooperar cos servizos de orientación educativa, para valorar as condicións intelectuais e vocacionais que atopen.
6. Participar na medida das súas posibilidades na orientación escolar e profesional do alumnado para conseguir o seu máximo desenvolvemento persoal e social segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.
7. Tratar ós alumnos e demais membros da comunidade escolar con educación e respecto.
8. Dar a coñecer ós alumnos os obxectivos, contidos e criterios de avaliación da área ou materia, os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación, así como os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar.
9. Facilitar durante o curso escolar, todas aquelas aclaracións que sobre o establecido nas programacións didácticas poidan ser solicitadas polos alumnos, pais ou titores.
10. Asistir puntualmente ás clases e cumprir o horario na súa totalidade.
11. Controla-la asistencia dos alumnos e reflectila nos partes diarios de clase, informando á Xefatura de Estudos de selo caso.
12. Colaborar co seu departamento didáctico no deseño da súa área ou materia e na elaboración das programacións.
13. Colaborar no mantemento da disciplina do centro. O profesorado é competente para decidir algunhas correccións das condutas contrarias ás normas de convivencia que lle permite a lei. Cando sexan condutas contrarias á convivencia que excedan a súa potestade, tramitará a conseguinte amonestación por escrito á Xefatura de Estudos para ser tramitada por esta ou a Dirección do centro.
14. Asistir ás reunións dos órganos colexiados.
15. Respetar o presente regulamento e velar polo seu correcto cumprimento.



### 3- DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS.

#### **DEREITOS:**

- 1- Colaborar, como primeiros educadores, na educación integral dos seus fillos.
- 2- Recibir información, por parte do titor e profesores, sobre o aproveitamento académico do seu fillo e a marcha do seu proceso de aprendizaxe, así como das decisións que se adopten como resultado de dito proceso (reforzo educativo, adaptacións curriculares) e das faltas de asistencia a clase do seu fillo.
- 3- Solicitar todas aquelas aclaracións que crean necesarias acerca das programacións didácticas.
- 4- Solicitar cantas aclaracións considere precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o proceso de aprendizaxe do seu fillo, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado de dito proceso.
- 5- Solicitar por escrito, en caso de existir desacordo ca cualificación final obtida nunha área ou materia ou ca decisión de promoción ou titulación adoptada, a revisión de dita cualificación ou decisión, de acordo co establecido na lexislación vixente.
- 6- Ser recibido polo titor nas horas destinadas a tal fin. A visita deberase comunicar con suficiente antelación, podendo facelo a través do seu fillo.
- 7- Ser respectado polos profesores, alumnos e persoal non docente do centro.
- 8- Participar no funcionamento do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar e formar parte das asociacións existentes no centro.
- 9- Elixir ós seus representantes no Consello Escolar.

#### **DEBERES:**

- 1- Colaborar, especialmente co titor, na mellora da formación e rendemento académico dos seus fillos.
- 2- Acudir ó centro cando sexa requirido pola dirección, o titor ou o orientador.
- 3- Asistir ás reunións colectivas convocadas pola dirección ou titor.
- 4- Participar activamente na consecución dos fins e obxectivos propostos polo centro.
- 5- Tratar ós profesores e demais membros da comunidade educativa con educación e respecto.
- 6- Informarse da evolución da aprendizaxe do seu fillo.
- 7- Responsabilizarse do estudo complementario que deberá desenvolver o seu fillo en horas non lectivas, así como do material necesario que debe levar á clase para o seu correcto aproveitamento.
- 8- Colaborar na consecución duns hábitos hixiénicos e saudables.
- 9- Xustificar as faltas de asistencia ás aulas de acordo con prazos e requisitos establecidos no presente Regulamento.
- 10- Os pais ou titores son os responsables civís dos danos producidos polos seus fillos. Deberán asumilo custe económico da súa reparación ou reposición.
- 11- Cumprir as normas de convivencia aprobadas neste Regulamento.

---

#### 4- DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS.

##### **DEREITOS:**

- 1- Realiza-lo seu traballo nas mellores condicións posibles e cos medios máis adecuados.
- 2- Ser escoitados pola dirección e o Consello Escolar cando se propoñan suxerencias encamiñadas a un mellor funcionamento do centro.
- 3- Participar na vida do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar.
- 4- Ser respectados por tódolos membros da comunidade educativa e obedecidos polos alumnos.
- 5- Participar nas actividades culturais e sociais que organice o centro sempre que as funcións correspondentes ó seu traballo queden atendidas.
- 6- Elixir mediante sufraxio directo e secreto ós seus representantes no Consello escolar.

##### **DEBERES:**

- 1- Respectar a tódolos membros da comunidade educativa.
- 2- Cumprir aquelas tarefas que lle sexan encomendadas pola Dirección do centro, dentro das que sexan propias da súa función.
- 3- Colaborar na consecución dos fins e obxectivos propostos polo centro.
- 4- Cooperar ca dirección e o profesorado nas tarefas educativas.
- 5- Atender a cantas persoas requiran da súa información e axuda.
- 6- Os conserxes velarán polo bo uso e coidado das instalacións e mobiliario, comunicando ó secretario os desperfectos ocasionados e os responsables, si os coñece.
- 7- Acudir ó traballo con puntualidade.

---

#### 5- PROFESORADO DE GARDA.

- 1- O profesor ou profesora de garda, xuntamente co cargo directivo de garda, será o responsable do mantemento da orde no centro. Encargarase da orde nos corredores durante o cambio de hora.
- 2- Corresponde ó profesor de garda atender ós grupos de alumnos que se atopen sen profesor por calquera circunstancia,. Evitará que os alumnos saian da clase permanecendo con eles durante o período lectivo orientando as súas actividades. O profesor pasará lista ó grupo anotando as ausencias no parte correspondente.
- 3- Rematado o período de garda, o profesor anotará no libro de gardas as ausencias ou atrasos dos profesores e calquera outra incidencia que se teña producido.
- 4- O profesor ou cargo directivo de garda serán os encargados de dispor en caso de accidente dun alumno do necesario para a súa asistencia e a comunicación do acontecido á familia.
- 5- A puntualidade no seu cometido será rigorosa.e estará sempre localizable, preferentemente na sala de profesores.

- 6- Os grupos de bacharelato que estean sen profesor poden baixar á cafetaría durante a hora de ausencia do profesor/a, sempre tras a oportuna indicación do profesor/a de garda, pero en ningún caso poderán saír fóra do centro. (Claustro inicio curso 2010/11).

## 6- TITORÍAS: FUNCÍONS E ORGANIZACIÓN

- 1- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos e en colaboración co departamento de orientación.
- 2- Ó comezar o curso o titor informará ós alumnos das funcións e competencias dos órganos colexiados así como da súa composición.
- 3- O titor dará a coñecer o regulamento de réxime interno e o Real Decreto sobre dereitos e deberes dos alumnos (R.D. 732/1995).
- 4- Na E.S.O. o profesor titor dará a coñecer ós alumnos e ós seus pais ou tutores, ó comezo de curso, os criterios de avaliación, promoción e titulación.
- 5- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo.
- 6- Presidir a xunta de avaliación do seu grupo.
- 7- Facilitar a integración dos alumnos no grupo e fomentar a participación nas actividades do centro.
- 8- Asesorar, xunto co departamento de orientación, ós alumnos sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- 9- Colaborar co departamento de orientación do centro nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- 10- Canalizar as demandas e inxerencias dos alumnos e mediar en colaboración co delegado e subdelegado do grupo ante o resto de profesores e o equipo directivo nos problemas que xurdan.
- 11- Coordinar as actividades complementarias para os alumnos do grupo.
- 12- Informar ós pais, ós profesores e ós alumnos do grupo sobre todo aquilo que teña relación cas actividades docentes, complementarias e co rendemento académico.
- 13- Enviar as cartas coas faltas sen xustificar ou xustificadas si son excesivas, nos 5 primeiros días do mes seguinte, as faltas do mes anterior, á casa do alumnado afectado na súa titoría, e informar á Xefatura de Estudos. Sinalar o cómputo de faltas de asistencia e a súa xustificación ou non, de selo caso.
- 14- Facilitar a comunicación entre os profesores e os pais dos alumnos.
- 15- O titor/a informará ós pais e ó alumno sempre que se propoña unha corrección ou se instrúa expediente sancionador a un alumno da súa titoría. O titor é competente para decidir as correccións das condutas contrarias ás normas de convivencia que lle permite a lei. Cando sexan condutas contrarias á convivencia que excedan a súa potestade, tramitará a conseguente amonestación por escrito á Xefatura de Estudos para ser tramitada por esta ou a Dirección do centro.
- 16- No centro haberá un titor por cada grupo de alumnos. O titor será designado polo director, a proposto da xefatura de estudos, entre os profesores que impartan docencia nese grupo. Poderase nomear un titor de pendentes de haber profesorado dispoñible.
- 17- A xefatura de estudos coordinará o traballo dos tutores e manterá as reunións periódicas necesarias para o normal funcionamento da acción tutorial.

- 18- O titor coordinará a xunta de profesores do grupo, constituída por tódolos profesores que imparten docencia no mesmo.
- 19- O titor poderá propoñer á xefatura de estudos a reunión da xunta de profesores do grupo, independentemente das reunións de avaliación, cando o considere oportuno.
- 20- No horario do profesor titor incluírase unha hora lectiva semanal para o desenvolvemento das actividades de tutoría con todo o grupo de alumnos e unha hora para a atención ós pais.
- 21- O titor comunicará ós pais a hora que ten reservada no seu horario para atendelos.

---

## 7- DELEGADOS DE ALUMNOS E XUNTA DE DELEGADOS.

### **FUNCÍONS DOS DELEGADOS DE GRUPO:**

- 1- Asistir ás reunións da Xunta de Delegados e participar nas súas deliberacións.
- 2- Expoñer ós órganos de goberno e de coordinación didáctica as suxestións e reclamacións do grupo ó que representa.
- 3- Colaborar co titor e cos profesores do grupo nos temas que afecta ó funcionamento do mesmo.
- 4- Colaborar cos profesores e cos órganos de goberno do centro para o bo funcionamento do mesmo.
- 5- Responsabilizarse en ausencia do profesor de pórse en contacto co profesor ou cargo directivo de garda.
- 6- Responsabilizarse de que na aula haxa xiz e borrador ó comezo de cada clase.
- 7- O delegado ou subdelegado de grupo poderán participar na primeira parte da 1ª e 2ª avaliacións no momento en que se analizan os resultados xerais do grupo.

### **COMPOSICIÓN DA XUNTA DE DELEGADOS:**

- 1- A Xunta de Delegados estará integrada por representantes dos alumnos dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos no Consello Escolar.
- 2- Poderá constituírse unha comisión de delegados a efectos operativos.

### **FUNCÍONS DA XUNTA DE DELEGADOS:**

- 1- Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración ou modificación do P.E.C. e da programación xeral anual.
- 2- Informar ós representantes dos alumnos no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- 3- Recibir información dos representantes dos alumnos no Consello Escolar sobre os temas tratados no mesmo, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
- 4- Elaborar informes para o Consello Escolar a iniciativa propia ou a petición de este.
- 5- Informar ós estudantes das actividades da devandita Xunta.
- 6- Debater os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes no mesmo.

- 7- A Xunta de Delegados, tras reunirse, deliberar e tomar unha decisión conxunta, deberá comunicarllo por escrito á Dirección do centro, para que non poidan ser sancionados por aquelas actuacións derivadas e que, conforme a dereito, poidan levar a cabo.

## 8- NORMAS DE CONVIVENCIA E FUNCIONAMENTO

### **ASISTENCIA ÁS AULAS:**

Segundo do R.D. 732/1995 sobre dereitos e deberes dos alumnos, e tal como se recolle no presente regulamento...“*O estudo constitúe un deber básico dos alumnos e alumnas e concrétase nas seguintes obrigas:*”

1. É unha obriga dos alumnos a asistencia diaria á clase. Así mesmo é deber de tódolos profesores o control da asistencia e puntualidade dos alumnos. Os profesores ou alumnos encargados entregarán semanalmente os partes de asistencia ós titores
2. No caso de ausencia os alumnos deberán notificalo ó profesor titor mediante xustificante oficial nun prazo non superior ós tres días desde a súa reincorporación ás aulas. Cando non exista o tal xustificante oficial, a ausencia ten que ser xustificada en persoa polo pai, nai ou persoa responsable ante o titor ou titora do alumno no mesmo prazo. A tal fin disporá de impresos de xustificación de faltas na secretaría do centro. O titor ou titora resérvase a admisión de xustificantes de difícil comprobación ou non suficientemente contrastada.
3. Se o día da ausencia o alumno/a tivese marcado un exame, o profesor poderá pedir xustificante médico da ausencia para repetir a proba. (CCP decembro 2011, APROBADO EN Claustro E CONSELLO ESCOLAR EN febreiro 2012)
4. Periodicamente, o titor remitirá as faltas de cada alumno/a ao seu domicilio, ó tempo que se comunican as ausencias sen xustificar á xefatura de estudos co fin de que se adopten as medidas oportunas. Cando se superen as marxes acordadas, tales ausencias poden supoñer conductas contrarias ás normas de convivencia e funcionamento, dando lugar ás sancións ou correccións que máis adiante se expoñen.

### **CUMPRIR E RESPECTAR OS HORARIOS:**

- 1- Porase especial coidado coa puntualidade no comezo das clases. Á hora sinalada cada alumno deberá estar ocupando o seu lugar na aula, evitando todo o que poida molestar a atención dos seus compañeiros e compañeiras das aulas contiguas
- 2- Unha vez comezada a clase, o profesor ou profesora anotará os atrasos de quen chegue tarde sen motivo, e cando dito feito se produza con reiteración, considerarase como falta sen xustificar. O alumno ou alumna en cuestión pode ser remitido á Xefatura de Estudos.
- 3- Os alumnos deberán incorporarse ás aulas ó primeiro toque de timbre, nunca antes.

### **ACTITUDE RESPECTUOSA NA AULA:**

Tal como queda recollido na lei de dereito e deberes do alumnado, nos artigos 35 c e 35 d, é o seu deber “*Seguir as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración, así como respectar o exercicio do dereito ó estudo dos seus compañeiros e compañeiras*”.

- 1- Segundo o dito anteriormente, durante as clases o alumnado deberá manter unha actitude respectuosa, participativa e de colaboración para o bo desenvolvemento das actividades, evitando todo aquilo que puidese perturbar o ambiente ou ocasionar perdas de tempo (sentarse correctamente, non inxerir ningún tipo de comestible, non deteriorar o material, prestar atención e participar na clase, non moverse do sitio inxustificadamente...)

- 2- Cando un alumno ou alumna interrompa a marcha dunha clase, o profesor ou profesora, á marxe da cumplimentación da pertinente amoestación, pode indicarlle que se presente de inmediato na xefatura de estudos ou ante o cargo directivo que nese momento estea de garda. O titor, tras ser informado, comunicará por escrito ós pais do alumno ou alumna a amoestación.
- 3- Os conflitos que poidan xurdir entre un grupo de alumnos/as e un profesor ou profesora, e que non teñan carácter disciplinario, tratarán de resolverse mediante o diálogo entre as partes, contando coa intervención, se fose necesario, do titor ou titora, do xefe de estudos ou, en última instancia, do director (antes de acudir ó Consello Escolar).

#### **COIDADADO DO MATERIAL:**

- 1- As dependencias e mobiliario do centro, así como as pertenzas dos membros da comunidade educativa, deben ser respectados e coidados co fin de evitar os gastos que anualmente se derivan dos desperfectos ocasionados. No hipotético caso dun desmán voluntario, o alumnado debe poñer en coñecemento do mesmo á dirección do instituto, determinando o autor ou autores do mesmo, ou, no seu defecto, asumindo a parte proporcional dos gastos que se ocasionen.
- 2- Porase especial coidado en manter limpo o centro, evitando tirar papeis, envoltorios, restos de comida...ó chan. Nesta liña, ínstase a utilizar as papeleiras para o depósito de desperdicios, tanto no interior como no exterior do edificio, ademais de establecerse a prohibición expresa de comer ou beber nas aulas, biblioteca, salón de actos, etc.

#### **OUTRAS NORMAS PARA O BO FUNCIONAMENTO DO CENTRO:**

- 1- Entre clase e clase o alumnado permanecerá nas aulas e só poderá abandonalas por motivos razoables. Se o profesor ou profesora o considera oportuno outorgará uns minutos de descanso antes do comezo da clase, pero sempre permanecendo el ou ela na aula.
- 2- Non se permitirá, agás causa xustificada, a saída de ningún alumno ou alumna da aula antes da chegada da hora sinalada no horario. Non se consideran causas xustificadas a realización de exames, recuperacións ou similares.
- 3- Desprazamentos no centro. Tanto as entradas e saídas como os desprazamentos do alumnado a aulas especiais (laboratorios, ximnasio, aula de informática, etc.) deben facerse con presteza pero en orde, evitando carreiras, empurróns, berros ou calquera estridencia que poida alterar o clima de tranquilidade e silencio que debe reinar no centro.
- 4- Na biblioteca é obrigatorio gardar orde e silencio, así como respectar os libros, prensa e instalacións da mesma. O incumprimento desta obriga levará consigo a expulsión do recinto.
- 5- As normas relativas ó préstamo e devolución dos libros (que figuran en lugares visibles da biblioteca) deben ser cumpridas puntualmente, a efectos de favorecer a consulta dos mesmos por todos os que os soliciten. No caso de deterioro ou perda quedarase obrigado á súa reposición ou pagamento.
- 6- As horas de recreo deberán pasarse nos locais e zonas para eso destinadas: patios, cafetería, biblioteca...Ningún alumno permanecerá na aula durante os tempos destinados ó recreo.
- 7- É imprescindible manter desaloxados os corredores e o vestíbulo da planta baixa, pois provócanse molestias nas oficinas e outras zonas de traballo.
- 8- Non se permitirá a presenza de persoas alleas ó centro no recinto ou nas dependencias do mesmo, agás cando acudan a el para realizar trámites, estean citadas cun membro do profesorado ou teñan a autorización da dirección.

*O comedor escolar é un servizo educativo con carácter complementario, compensatorio e social. A organización e funcionamento regúlase no Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG do 6 de febreiro de 2007), na Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG do 5 de marzo de 2007) e na Orde de 13 de xuño de 2008 (DOG do 19 de xuño de 2008) que modifica a orde de comedores de 21 de febreiro de 2007.*

1. O servizo de comedor do IES Lagoa de Antela prestarase na modalidade de xestión indirecta con elaboración de comidas nas dependencias do centro a cargo dunha empresa do sector hostaleiro adxudicataria do servizo e con contratación por parte da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.
2. O servizo prestarase unicamente os luns, día en que hai clase pola tarde.
3. Serán usuarios beneficiarios de gratuidade total do servizo os alumnos/as da ESO usuarios do transporte escolar que non contén con traslados a mediodía.
4. Serán usuarios beneficiarios do 50% do importe da axuda todos aqueles alumnos/as que o soliciten e acrediten a súa condición coa documentación correspondente.
5. Poderán facer uso deste servizo co abono do 100% do servizo segundo os prezos públicos todos os outros alumnos/as que o soliciten e cuxa admisión non supoña a superación do límite de comensais polo que foi contratado o servizo.
6. Para o mellor funcionamento do servizo, e a xeito de anexo, inclúese un regulamento específico de funcionamento do Comedor Escolar, aprobado no seu día polo Consello Escolar do instituto.

#### TRANSPORTE:

- 1- O transporte escolar é un transporte público regular de uso especial, efectuado dentro duns itinerarios preestablecidos e con subxección a calendarios e horarios prefixados. As condicións da prestación do servizo figuran no correspondente contrato, onde se establece a ruta ou rutas a seguir, os puntos de orixe e destino, as paradas, así como os vehículos amparados pola autorización de transporte que determina as condicións do servizo.
- 2- Terán dereito ó transporte escolar a/e desde os centros públicos os alumnos dos niveis obrigatorios e/ou gratuítos que teñan os seus domicilios fora do núcleo urbano no que estea situado o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 quilómetros. A duración máxima do itinerario deberá ser inferior a unha hora para cada sentido da viaxe, podendo acadarse esta duración máxima unicamente en casos excepcionais e debidamente xustificadas.

A viaxe de adultos nos vehículos escolares non está permitida. Excepcionalmente, as delegacións provinciais poderán autorizar a súa presenza en determinados casos ou cando se trate de alumnos con minusvalías.

#### CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS QUE SE ESTABLECEN.

O incumprimento das normas de convivencia recollidas no presente regulamento, será obxecto das medidas correctoras oportunas polo órgano competente, de acordo co disposto no Real Decreto 732/1995, de 3 de maio, no que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros.

**Considéranse contrarias ás normas de convivencia e funcionamento do centro as seguintes conductas:**

- Faltas inxustificadas de puntualidade.
- Faltas inxustificadas de asistencia á clase.
- O deterioro non grave, causado intencionadamente, das dependencias do centro, do material deste ou dos obxectos e pertenzas de outros membros da comunidade educativa.
- Calquera acto inxustifico que perturbe levemente o normal desenvolvemento das actividades de aula ou de centro.
- Actos de indisciplina que non se consideren graves e que afecten a compañeiros, profesores ou persoal non docente.
- En xeral, o reiterado incumprimento dalgún dos deberes citados con anterioridade.

No caso de conductas contrarias ás normas de convivencia, serán competentes para decidir as correccións a aplicar: os profesores e profesoras do alumno en cuestión, o titor ou titora, o xefe de estudos ou o director. Tales correccións poden implicar:

- Unha amoestación privada -verbal- por parte do profesor ou profesora (dúas amoestacións verbais darían lugar a unha amoestación por escrito que sería remitida ós pais)
- Unha amoestación por escrito.
- No caso de reincidencia, unha segunda amoestación escrita, o que podería implicar:

- ⇒ A realización de traballos específicos en horario non lectivo
- ⇒ A realización de tarefas dirixidas a reparar o mal causado ás instalacións do centro ou ás propiedades doutros membros da comunidade educativa.
- ⇒ A suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares. Naquelas actividades complementarias limitadas a un número concreto de alumnos contéplase a posibilidade de que, caso de ter que facer unha selección dos participantes, se poida excluír da mesma ós alumnos amoestados por escrito.
- ⇒ O cambio de grupo polo prazo dunha semana.
- ⇒ A suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días, durante os cales o alumnado implicado tería que realizar os traballos que se determinasen.
- ⇒ A suspensión do dereito de asistencia ó centro por un prazo máximo de tres días lectivos, tamén coa realización dos traballos encomendados.

**Faltas de asistencia ás clases. Aprobado en Claustro e Consello Escolar o 14 de febreiro de 2012. ENTRA EN VIGOR NO CURSO 2012-13**

A falta de asistencia ás clases de modo reiterado pode provocar a imposibilidade de aplicación correcta dos criterios de avaliación e a propia avaliación continua. Neste caso, as marxes que se fixan para a consideración desta conducta como contraria ás normas de convivencia e funcionamento, e as correccións a aplicar son as seguintes:

- ⇒ 1º apercibimento por faltas de asistencia: ao cumularse un total de 4, 3 e 2 faltas sen xustificar en materias de 4, 3 e 2 horas semanais respectivamente.
- ⇒ 2º apercibimento: cando ás anteriores se acumulen 4,3 ou 2 faltas máis sen xustificar en materias de 4, 3 e 2 horas semanais.



⇒ 3º apercibimento: cando, recibidas as dúas primeiras notificacións, se acumulen 4, 3 ou 2 faltas máis sen xustificar en materias de 4,3 e 2 horas semanais.

⇒ Esta 3ª notificación conleva:

- No Bacharelato: a perda de dereito á avaliación continua pola imposibilidade de aplicación correcta dos seus criterios. Neste caso, o alumno ou alumna someterase, trala información ao Consello Escolar, a unha proba global a final de curso para poder superar a materia. Con isto non se perde o dereito á escolaridade polo que o alumno continúa coa obriga da asistencia ás clases e co dereito a realizar os exames parciais aínda que non se lle terán en conta á hora da súa avaliación que queda condicionada á proba final de xuño.
- Na ESO: notificación definitiva de abandono da materia. De acordo cos criterios de titulación do centro isto implica a imposibilidade de superar o curso en xuño, a non ser que o alumno/a acabe aprobando a materia na cal se lle aplicou o *abandono de materia*.

Canda o titor ou titora, remitan á casa do alumno/a o documento co primeiro e segundo apercibimento, faráse unha advertencia expresa sobre cales son as consecuencias de continuar faltando ás clases e de recibir o terceiro apercibimento. Así mesmo, o segundo apercibimento leva unha sanción disciplinaria a decidir no seu momento pola Xefatura de Estudos e a Dirección do centro.

**Considéranse gravemente prexudiciais para a convivencia no centro e o seu bo funcionamento, entre outras, as seguintes conductas:**

- Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
- A acumulación de tres amoestacións e apercibimentos (notificacións) por escrito nun mesmo curso escolar.
- A agresión grave, física ou moral, contra os demais membros da comunidade educativa ou a discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas ou psíquicas...
- A suplantación da personalidade nos exames ou a falsificación ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados, polo uso indebido ou de xeito intencionado, nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou a incitación ás mesmas.
- O incumprimento das sancións impostas.

A súa consideración e corrección ven dada polos artigos 51,52 e 53 do R.D. 732/1995, establecéndose, entre outras, medidas correctoras como as seguintes:

- Realización, fora do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o mal causado ás instalacións ou ó material do mesmo.
- A suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares.
- O cambio de grupo.

- A suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas, coa pertinente realización dos traballos que se determinen.
- A suspensión do dereito de asistencia ó centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes, tamén coa realización dos deberes e traballos que se determinen.
- O cambio de centro.

Non poderán corrixirse as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro sen a previa instrución dun expediente que trala recollida da necesaria información acorde o director do centro, ben pola súa propia iniciativa ou ben á proposta do Consello Escolar do centro (artigo 51 R.D. 732/1995).

O procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios a que dan lugar estas condutas será o exposto nos artigos 54, 55 e 56 da devandita lei, resumíndose no anexo correspondente.

## NORMAS DE ACTUACIÓN DO PROFESORADO NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA.

O procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios a que dan lugar estas condutas será o exposto nos artigos 54, 55 e 56 da devandita lei da Convivencia 4/2011, resumíndose no anexo correspondente.

### FALTAS DE ASISTENCIA

- **PROFESORES** - O modelo a cubrir atoparase nas salas profesores e xefatura de estudos.
  - Xustificar as faltas coa documentación axeitada nun prazo de tres días.
  - Cargar as baixas na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/datospersoais/>
- **ALUMNOS** - Pasar lista ao principio da clase (plantilla na aula a modo informativo e inclusión no XADE para que conste legalmente).
  - **TITORES:**
    - \* Revisar faltas e xustificantes cada semana.
    - \* Enviar carta de faltas cada mes.
    - \* Titorías cos pais vía telefónica. Excepcionalmente no centro.

### GARDAS

- **PUNTUALIDADE. Para evitar a saída das aulas por parte do alumnado.**
- ESTAR LOCALIZADOS no centro.
- **GARDAS DE BUS:** ENTRADA E SAÍDA, cada profesor terá asignado un espazo.
- **GARDAS DE AULA**
- **GARDAS DE LECER** - ESPAZO concreto por niveis responsabilidade de cada profesor asignado.
  - Non deixar subir alumnos ás aulas. O uso dos baños no patio / cafetería.
  - Comprobar que as aulas queden baleiras nos leceres.

### PROFESORES DE REFORZOS E EXENCIÓN DE SEGUNDA LINGUA EXTRANXEIRA

- Recoller ao alumnado na clase de referencia según horario.

- Acompañalo de novo ao rematar.

## PARTES DE INCIDENCIAS

- **MODELO para cubrir por escrito** na sala de profesores, común profesores e xefatura.
- NON HAI AULA DE CONVIVENCIA.
- Non botar fora da aula aos alumnos por non traer material, chegar tarde ou comportamentos que podense penalizar de outro xeito en cada materia (criterios de cada departamento)
- FALTAS GRAVES ENVIAR A XEFATURA CON PARTE DE INCIDENCIAS ESCRITO (para poder ser sancionados) e TRABALLO PARA REALIZAR. A sanción aplicarase en xefatura de estudos. Alumno sancionado acompañado a xefatura polo delegado de grupo.

## MÓBILES

- **PROHIBIDO O SEU USO NO CENTRO ESCOLAR.** Retírallo ao alumno/a e levar a xefatura con parte de incidencias cuberto.
- COMO RECURSO DIXITAL PARA CALQUERA ACTIVIDADE PROPOSTA POLOS DEPARTAMENTOS. HAI QUE PEDIR AUTORIZACIÓN AOS PAIS. MODELO.

## CORREO EDU.XUNTA.GAL

- É OBRIGATORIO O SEU USO.
- MEDIO DE COMUNICACIÓN CON PROFSORES / EQUIPO DIRECTIVO / TITOR para temas relacionados cos nosos alumnos ou diversos temas de índole educativo.

## DISPOSICIÓN FINAIS.

- 1- Este regulamento será avaliado e revisado polo Consello Escolar ó final de cada curso, introducindo as correccións pertinentes.
- 2- Ó comezo de cada curso darase a coñecer a toda a comunidade educativa.
- 3- O presente regulamento é a norma de convivencia básica da comunidade educativa deste Instituto.
- 4- Calquera situación non prevista no presente regulamento aterase ó que no seu caso determine o Consello Escolar.
- 5- Entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Consello Escolar.

## ANEXO I - REGULAMENTO DO COMEDOR

(Modificacións parciais do Consello Escolar do día 30 de setembro de 2010)

- 1.- O presente regulamento foi elaborado no IES “Lagoa de Antela” no exercicio 2000/20001 . O seu obxectivo é se-lo punto de referencia para un óptimo, eficaz e satisfactorio funcionamento do comedor.
- 2.- A fin do comedor non é só a de satisfacer as necesidades alimenticias do alumnado, senón que pretende ser un lugar de convivencia e de desenvolvemento de valores coma o respecto ós demais, ó quenda establecido, valorar os alimentos, aprender a comer cuantitativa e cualitativamente; ó tempo que se afonda nas normas de hixiene e limpeza entre outros.
- 3.- O día de comedor é o luns, non habendo este servizo os outros días da semana.
- 4.- O comedor está emprazado no edificio “B” do IES “Lagoa de Antela”; consta de salón comedor, cociña, almacén e aseos para os traballadores/as do mesmo.
- 5.- O horario de comedor comeza ás 14,10 horas, momento de finalización das clases; finalizando as obrigas derivadas do mesmo ás 16 horas, momento da entrada ás clases na sesión da tarde. Durante este período os alumnos comerán e terán un tempo de descanso.
- 6.- Os pais dos alumnos/as que, unha vez inscritos, vaian renunciar ao servizo de comedor, terán que vir ao centro en persoa a asinar a renuncia e comprometeranse a recoller os seus fillos ás 14.10 e devolvelos ás 16.00 horas para a sesión de tarde. Este alumnado que renuncie ao comedor non pode permanecer en todo o recinto escolar, nin sequera na cafetería.

## TITULO 1º.- SOBRE A ELABORACIÓN DA COMIDA

- 1.- A comida será elaborada por persoal cualificado, coa oportuna titulación e regulamentación.
- 2.- A administración educativa será a encargada de seleccionar a persoa/as ou empresa que considere máis idónea/s; sempre co obxectivo de conseguir o mellor servizo posible. No proceso de selección o IES estará representado polo seu director ou directora, ou cargo directivo no que delegue. O Consello Escolar decidirá en torno á conveniencia ou non da renovación do contrato á persoa ou empresa seleccionada.
- 3.- As obrigas da/s persoa/s ou empresa encargada/s serán:
  - 3.1.- A selección (co visto bo do Consello Escolar), e a elaboración dos menús.
  - 3.2.- Aporta-lo persoal necesario para un servizo correcto e suficiente.
  - 3.3.- Aporta-los útiles de comedor ( cubertería, pratos, vasos, potas, tixolas...) que non existen xa no mobiliario do Centro; de xeito suficiente para tódolos alumnos.
  - 3.4.- Que a comida estea puntualmente elaborada para as 14,10 horas (hora de entrada ó comedor)
  - 3.5.- Que exista unha rotación de menús acorde coa subvención recibida, a idade dos alumnos e a calidade esixida.
  - 3.6.- Que a comida se sirva con rapidez e atención ós comensais.
  - 3.7.- Manter tódalas instalacións definidas no preámbulo, que forman parte do comedor, en perfecto estado, limpeza e hixiene.
  - 3.8.- Adoptar tódalas medidas de hixiene que establece a lexislación sanitaria respecto ós comedores ( vestimenta, carné de manipulación de alimentos, etc.)

3.9.- Ó remate de cada curso o Consello Escolar do IES avaliará o funcionamento do servizo, propoñéndolle á administración educativa a renovación ou, no seu caso, derogación do contrato

---

## TITULO 2º.- SOBRE A ENTRADA Ó COMEDOR

- 1.- Cando rematen as clases da mañá o alumnado usuario do servizo dirixirase ao comedor para o xantar.
- 2.- O resto de alumnado do centro non pode permanecer no recinto escolar durante o tempo de mediodía. Só poderán quedar a comer na cafetería aqueles alumnos de Bacharelato que o soliciten ao non disporen de transporte para voltar ao seu domicilio. O alumnado que vai comer ao seu domicilio voltará ao recinto unicamente para as clases da tarde ás 16.00 horas. Se chegasen con tempo de antelación debido ao horario do transporte escolar, poderán agardar na cafetería pero non ir ao patio, espazo reservado unicamente para o alumnado usuario do comedor.
- 1.- Debido a que hai dúas entradas ó comedor, o alumnado dun nivel accederá ó recinto pola máis próxima á entrada ó Centro, e o alumnado do outro nivel entrará pola porta que está máis próxima á sala de profesores.
  - 2.- Os alumnos esperaran fóra do comedor, no corredor do Centro (preto da entrada), en orde e en silencio, ata que cheguen todos e se inicie a entrada.
  - 3.- No caso de non cumpri-la norma anterior, poderase optar porque esperen fóra do edificio, preto da porta de entrada ó mesmo.
  - 4.- Dous profesores serán os encargados de controlar cada un dos niveis antes reseñados; tanto no que atinxe á asistencia ó comedor, coma á orde na que os alumnos deben entrar e permanecer no mesmo.
  - 5.- Para dar cumprimento ó punto anterior, tomarase nota dos asistentes e dos ausentes, remitindo os datos á xefatura de estudos.
  - 6.- Caso de producirse a incorporación do alumnado de 1º e 2º da ESO á percepción do servizo, estableceríanse dous turnos e ampliaríase o persoal en número suficiente como para manter as condicións descritas con anterioridade. O alumnado ó que lle corresponda o segundo quenda permanecerá no patio, na cafetería ou na sala de xogos ata que sexa chamado polos profesores de garda.

---

## TITULO 3º: DURANTE A COMIDA

- 1.- Os alumnos, unha vez controlada a súa asistencia, e seguindo as indicacións do profesor encargado, recollerán o prato/pratos coa comida e dirixiranse á mesa para comer.
- 2.- Sexa cal sexa a orde de entrada, os alumnos irán completando as mesas sempre( catro alumnos por mesa).
- 3.-Unha vez sentados, comerán utilizando os útiles (garfo, culler, coitelo, etc.) axeitados en cada momento e tipo de comida, respectando a orde e a hixiene propios do momento de comer.
- 4.- Se calquera comensal precisase algo, tivese algunha queixa ou quixese repetir; dirixirase educadamente a un dos profesores de vixilancia.
- 5.- Unha vez rematada a comida, antes de saír, solicitará a presenza dun profesor para que supervise o estado en que queda a mesa e os útiles de comer.
- 6.- Se o profesor lle permite saír, erguerase en silencio, colocará a cadeira debaixo da mesa e sairá pola porta que da directamente ó patio do Centro.
- 7.- Se un alumno por mor dalgunha actividade escolar, non puidese inicia-lo comedor na hora prevista, poderá dirixirse a calquera dos profesores vixiantes ou á propia cociñeira, indicándolle o número de alumnos afectados e a hora aproximada de chegada, a fin de que se lle poida reserva-la comida.

- 1.- Cada alumno poderá saír unha vez considere que non quere comer máis.
- 2.- Para saír, solicitará a presenza dun profesor de vixilancia para que comprobe o estado en que queda a mesa e os seus útiles de comedor.
- 3.- Se non hai ningún impedimento por parte do profesor, abandonará o comedor pola porta que da ó patio do IES.
- 4.-Aínda que as portas do edificio estean abertas para a saída de alumnado e profesorado non usuario do comedor, o alumnado que fai uso do servizo non poderá, en ningún momento, abandonar o recinto entre as 14.10 e as 16.00 horas en que comezan as clases da tarde.
- 5.- Se algún alumno saltase a aramada ou saíse pola cafetería, comunicaráselle á xefatura de estudos.
- 6.- Os lugares onde poderán estar os alumnos durante este tempo de lecer son: o patio, a cafetería, e o ximnasio se hai profesor que os vixíe.
- 7.- En todo momento o alumno/a debe respectar as normas de convivencia coñecidas e reflectidas no R.R.I. do Centro; quedando suxeito ó réxime de sancións que nel se estipulan.
- 8.- Se algún alumno/a tivese algún problema ou necesidade dirixirse a calquera dos profesores de vixilancia.
- 9.- Unha vez rematado o período de lecer incorporárase á súa respectiva aula para asistir ás clases.

TITULO 5º: SOBRE OS PROFESORES DE VIXILANCIA.

- 3.- Dous serán os profesores de vixilancia, tanto no interior coma no exterior do comedor.
- 4.- Os profesores de vixilancia non participarán en ningún momento na selección nin na elaboración dos menús; competencia exclusiva do encargado/a do comedor.
- 5.- Cada profesor atenderá a entrada ó comedor dun nivel.
- 6.- Controlarán diariamente a asistencia dos alumnos con dereito a comedor, comunicando as incidencias á dirección do Centro.
- 7.- Velarán para que os alumnos vaian ocupando ordenadamente tódolos asentos dispoñibles, sen deixar ocos baleiros.
- 6.- Atenderán as demandas dos alumnos/as durante a comida.
- 7.- Coidarán que a comida se faga con orde e relativo silencio ; asemade corruxarán calquera aspecto antihixiénico ou de falta de educación que se produza durante a mesma.
- 8.- Á solicitude dos comensais, controlarán que non falte nada dos utensilios de comida, unha vez que remataron de comer e desexen saír.
- 9.- Pasarán información á cociña cando haxa un segundo quenda de comida , a fin de reservar os servizos e comida suficientes.
- 10.- Controlarán que a saída do comedor sexa pola porta de acceso ó patio e se faga ordenadamente.
- 11.- Unha vez que remataron de comer os alumnos e saíron ó patio, os profesores pasarán a vixiar o patio exterior; agás que algún teña que comer, daquela, un profesor estará no patio, o outro comerá, incorporándose o antes posible á vixilancia.

12.- Os profesores poderán sancionar a todos aqueles alumnos que presenten unha actitude negativa con traballos no comedor.

13.- Se o comportamento fose grave, poderán retelo nunha dependencia (sala de profesores, comedor, etc.) ata o momento da súa entrega ó xefe de estudos, co informe oportuno.

14.- Non pode permanecer no centro ningún alumno que nos sexa do IES Lagoa de Antela nin alumnado do centro non beneficiario do servizo de comedor que, como figura máis arriba, abandonará as dependencias ás 14.10 e voltará para as clases da tarde ás 16.00 horas.

15.- O servizo e a responsabilidade do comedor remata para os profesores ás 16 horas, coa incorporación dos alumnos á sesión da tarde.

O non cumprimento das normas anteriores dará lugar a unha amonestación por escrito ou a correspondente sanción do director/a.

## ANEXO II - REGULAMENTO SOBRE O USO DE TELÉFONOS MÓBILES E OUTROS APARATOS ELECTRÓNICOS.

Na reunión do Consello escolar do centro celebrada o 28 de xuño de 2007, aprobouse por unanimidade engadir no RRI unha normativa sobre o uso de móbiles tal e como se expón a continuación:

### “Para a comunidade escolar:

- **Condicións no centro de ensino:** durante o período lectivo -8:30 horas ata as 14:10 (ademais das 16:00 horas ata as 17:40, os luns)- o alumnado está localizable por parte dos seus pais ou titores se lles é necesario pórse en contacto con eles/elas. Así mesmo no centro hai teléfonos dispoñibles para que o alumnado poida chamar aos seus pais/nais se é necesario, por conseguinte:
- **NORMA:** Dada a nula necesidade do uso de teléfonos móbiles durante o período lectivo, estes aparellos deberán permanecer **DESCONECTADOS** e telos en lugares non visibles no recinto escolar durante o período lectivo.
- A norma anterior aplicarase tamén a outros aparellos electrónicos: cámaras de fotos, vídeo, música, etc. que estean integrados nos teléfonos móbiles ou sexan aparellos independentes. Só se poderán usar estes aparellos para actividades académicas concretas e cando previamente sexa requirido por parte do profesorado.

No caso de que algún alumno/a **incumpra** o punto anterior **tomaranse as seguinte medidas:**

- Retirada do material por parte do profesor/a que observara este incumprimento.
- Comunicación por escrito aos pais/nais do incumprimento da norma.
- Devolución por parte dos titores/as ou da xefatura de estudos sempre e cando **se realice unha recollida persoal por parte dos pais/nais** ou exista unha comunicación previa por escrito de parte dos mesmos solicitando a súa devolución.

